


Premio 2021

de poesía, relato e tradución
da **Universidade de Vigo**



Editan:
Xunta de Galicia,
Consellería de Cultura e Turismo,
Secretaría Xeral de Política Lingüística;
Universidade de Vigo,
Área de Normalización Lingüística;
Edicións Xerais de Galicia

Ilustración da cuberta: Alexander Dubovitskiy (123RF)

© Universidade de Vigo e dos autores/as dos textos, 2021

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2021

Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo

xerais@xerais.gal

<http://www.xerais.gal>

<http://blog.xerais.gal>

ISBN: 978-84-9121-982-8

Depósito legal: VG 523-2021

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Premio 2021

de poesía, relato e tradución
da Universidade de Vigo

LIMIAR

Os premios de poesía, relato curto e tradución da Universidade de Vigo 2021 constitúen un referente na promoción do idioma galego, cuxa necesidade é hoxe obvia. Desde a institución que represento non me cabe dúbida ningunha de que queda traballo por facer para atanguer o obxectivo de que a lingua propia continúe espallándose por todos os ámbitos (docencia, discencia, investigación e servizos) ata converterse na lingua «de uso normal nas súas actividades», como explicitamente recollen os nosos estatutos.

A lectura dos textos premiados neste 2021 constitúe un excelente exemplo de calidade que, ano tras ano, singulariza os traballos avaliados polo xurado, tras reunirse, unha vez máis, na admirable Casa de Rosalía en Padrón. Moitas grazas pola vosa xenerosa dedicación ao traballo avaliativo, poucas veces abondo recoñecido.

De xeito moi especial, quero enviarlles a miña congratulación ás persoas autoras dos textos que finalmente resultaron merecentes dun dos premios e que, agora, recollemos neste libro: Beatriz Comendador Rey, Clara Costas García, Noelia Estévez Rionegro, Joaquín García Domínguez, Mercedes Martínez Lorenzo, Adrián Presas Sobrado, Fabio Rivas Pardo e Branca Trigo Cabaleiro. En hora boa!

Animamos a toda a comunidade universitaria a seguir traballando arreo na defensa dunha lingua que nos define como pobo singular desde tempos ben afastados, razón de máis para responsabilizármonos cumpridamente no seu mantemento social e así garantir o seu uso entre as xeracións futuras.


MANUEL REIGOSA ROGER
Reitor da Universidade de Vigo

Composición do xurado

O xurado dos premios de poesía, relato curto e tradución da Universidade de Vigo 2021 estivo composto por Anxo Angueira Viturro como presidente por delegación do reitor, Francisco Alonso Villaverde, Jorge Luis Bueno Alonso, Luís López Alonso, Manuel Lorenzo Baleirón, Lourdes Lorenzo García, Liliana Valado Fernández e Fernando Ramallo como secretario con voz pero sen voto.



poesía



CYBERFOLK

Branca Trigo Cabaleiro

Primeiro premio

春

*A covardía ao fondo dun bolero
e un entroido pagán e ovos de mosca.*

MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO

Hoxe terei un nome de carauta integrada na pel do mal agoiro.

Hoxe únense pobos en disforia de *waifu* e cabezudo
e reacciona o corpo á non caricatura
e a alerxia descansa
neste colo
que foi meu
cando dun demo grelaba a miña gorxa.

Hoxe:
a petición da máquina obsoleta:

Percorre a calella dos orfos

Achega unha larva á certeza
espazo novo
e mira como son incompatibles

Fai pícnic entre os ollos dun xigante
logo dime
con cantas dioptrías contamos as cereixas para ocultar a
[flor que nos delata

que inepto tivo a idea dunha esfera
por que me doe o sangue
se non cambiou o mundo
ao estouparen maios
nun ceo
cru

夏

*Tienes hermanos de otras razas,
todo sudor es familiar
toda miseria lleva
escupitajos en la piel.*

FÉLIX GRANDE

Chamar o que nos mata
«Competición entre o *matsuri* e un apóstolo sen cellas
enunciado por min San Molotov»

moi vista

«A rapa: un neno chora
pola contradición do seu floco»

moi vista

Mamá, só se me ve unha cella. Como van
[saber que estou confuso?

moi vista

E quen non o está, neno?

...

e esta repetición? As nais acertan sempre.

A dúbida, meu *roomba*, presuponse.

Tensión no minifundio
Tensión no minifundio
ALARMAson señora da miña explotación
ALARMA ALARMA ALARMA
ALARMA7herbas
a dona Sete Herbas
non ten utilidade sen xermolar cultura
 por favor, máis orzamento, que a beira
 [dos camiños
 semella a Amazonía antes do cancro*
e da mesma forma
eu
sen saber se o lume borra
toda a desolación das bragas vellas.

* refírome a aquela imaxe da selva con forma de pulmóns
que nunca saberei se era antitabaco ou pronatura
 pero que, intúo,
 mudou o paradigma.

秋

*«Devil's share» is the portion of one's goods
that cannot be usefully spent
and so gets sacrificed.*

ANNE CARSON

Entendo que Anne Carson fala da plusvalía
Entendo que Anne Carson fala inglés
porque é a catástrofe da era (parindo un corazón)
e que hai cen anos
tamén falaría inglés pero eu non tería forma de sabelo.

Agora *googleando* «polbo á feira»
invádenos o lumpen «*foodporn* de tentáculos»
é un bo momento para renderlle homenaxe á sensación
de abandono
do pobo xaponés
ao saber do carácter terreal do emperador tras a
Segunda Guerra de Moitas.
Non é o mesmo suicidio por fe
PUM! OS KAMIKAZES SON AS BOMBAS MÁIS BARATAS!
que por falta dela
PUM! NO MEDIO E MEDIO! NA HONRA DE BONIATO!

banzai o porco sangra
banzai o porco berra
o porco sangra e berra:
POLA TRADICIÓN! POR SAN MARTIÑO!

Pensárao mercar co número de serie 451
por ser esta en fahrenheit
a temperatura á que se asan as castañas
pero con este cinismo
os díxitos existen como vítimas
dun atentado ianqui.

Non cho quero
Non cho quero
Que me cheira ao chamosco

e así, abandonada
por unha garantía terreal

Sempre gañan os mesmos *from the queen of England to
the Hounds of Hell!*
[Protesta I. Muller sobre megáfono]

冬

*No inverno todas as cousas son
 simples proxeccións dos espíritos.
 A aceptación dos espíritos,
 enredada coma un fío mollado.*


CHIKA SAGAWA

Macacos pálidos buscan nas termas de Outariz
 algún contexto para a axuda mutua
 cando o paradoxo do observador pisa unha póla seca
 e álzanse cabezas
 como na transición (pillade-o-chiste)
 Igual se apago a cámara...
 e estrañaste co cheiro do artefacto
 leite materno?
 colonia? a homofonía aquí
 da miña parte
 e pides desculpas coma sempre
 É para un traballo do colexio.

Os simios nunca axudan os que esperan na neve e non
 tes probas
 só o xesto azulado que acompaña
 a quen mira un bebé morrer de frío.
*Y esto es lo que pasaría (pasa?) si Franco levantara
 [la cabeza.*

Na imaxe, un disfrace
unha explosión
un anglicismo.

No pé de foto o medo
descridos que se agochan
as cinzas deste porco en todos os pulmóns por ser
igualitarios
e eu falándolle ao *roomba*
ata que mo asasinen.



A OUTRA MORTE
DE ANNABEL LEE

Noelia Estévez Rionegro

Primeiro accésit

*Yes!—that was the reason (as all men know,
In this kingdom by the sea)
That the wind came out of the cloud by night,
Chilling and killing my Annabel Lee.*

EDGAR ALLAN POE, ANNABEL LEE

0. A floración

A floración
tamén é a voz
dunha inocente
unha noite quente
de outono
ao fondo dun corredor.

5. O silencio

Berrábao

moitas veces
mentres rabuñaba a pel
para marcar a dor cun sinal
cando aínda non sabía

localizala

no centro do recadro
perante o dorso
da cotiandade

tiña a necesidade
de que a voz doese máis
cá ferida.

E có silencio.

10. Unha bolboreta

Morabamos ao pé das montañas
sobre amorosos e papoulas
camiñabamos cara ao mar
e acariñabamos as ondas
sobrevoábannos o pensamento
as aves
transitando cara ao horizonte
espalladas na paisaxe
que nos empapaba
nas tardes invencibles
do verán.

Mais nada se podía tocar.

Así aprendemos a ollar
os imposibles.

Eles non comprendían
que a vida era
unha bolboreta.

15 A. As mimosas

Sempre
puideron máis

os bicos nos regueiros

o carouxo
pegado ao corpo
das pradeiras
aquela ladeira
onde as mimosas
danzaban na fonética dos nomes
que nunca retornaban
en eco.

Sempre puideron máis
cás leccións recitadas
de costas á poesía
cá dignidade
adquirida
cá responsabilidade
cá obriga.

Sempre
puideron máis

as promesas
có medo.

15 B. A chorima
Volvín rabuñar a pel.

Foi sobre as espiñas
esnaquizadas dos piñeiros
baixo unha nube de chorima
que agochaba o sol
e a meirande parte
do ceo.

Foi
entre o zumbido das abellas
e as partículas de po

que se levantaban do chan
xermo.

Talvez por iso
non escoitei as súas verbas
non souben ler os seus beizos.

20. A terra

Sempre deixaba un resaibo
a terra mascada
húmida
labiríntica
entre toupas capaces de trazar ás cegas
unha saída
máis doada
cá que leva á catástrofe.

O amor sempre ten un resaibo a catástrofe
porque nunca é quen de contela:
busca na inmundicia,
no fío dun charco que esvara
polo sumidoiro
e desaparece.

Tan lonxe coma o noso devezo
contra o seu agoiro.

25. A rocha

Os ósos daquelas coxas
dislocábanse
desmembrándose de puro nervio
instalábanse
nas máis profundas cavidades

nas máis fondas *oquedades*
erosionando coma rocha
desbastada a ferro.

Mais xamais repararon nos ocos
nin os encheron
non deixaron pegada
non
rabuñaron a pel.

Hai pantasma nas que ninguén cre.

33. A auga


Nunca souberon

de todos os esforzos
que custara
percorrer os quilómetros
que nos afastaban
da praia.

Nunca souberon
do grosor das arestas
dos cristais onde nos desfixemos
nin de como se cravaron no peito
mentres o salitre
penetraba as brechas
até doer coma sete cadelas
roendo na víscera
até esmorecer
difuminada en vermello
sobre a auga cristalina.

Só por ver
como aquel raio de sol
che atravesaba o cabelo.
Só por volver
escoitarte finxir
o acento:
«*my-Annabel-Lee*».

Nunca o souberon.



PROBLEMAS DE MILLENNIAL

Mercedes Martínez Lorenzo

Segundo accésit

En 1994 publicouse o poemario do Colectivo Ronseltz *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (Edicións Positivas), un conxunto de versos ó máis puro estilo da retranca e do humor galegos. Poemas sen sentido que teñen toda a razón do mundo. Daquela non puider participar porque estaba nacente, mais esta sería a miña contribución agora:

Problemas de millennial P(r)o(bl)emas de millennial

O amor

I

Se me queres na distancia...

queda alí.

II

Ti es como mirar o sol:
non se pode facer sen chuscar os ollos cun sorriso
mais se o fas moito tempo
dás dor de cabeza.

III

Coñecer unha persoa é como ler:
se o fas ás présas, sen interese ou atención
podes non entender ben toda a historia.
Voute ler amodiño.


Príncipe (do dobre tic) azul

Hai moito, moito tempo, ó norte do ciberreino
vivía o príncipe herdeiro.

Tiña terras, tiña vacas
e ADSL banda ancha.

Príncipe casadeiro,
recibía privados e chíos arreo,
pero el non movía o polgar.

A princesas e marquesas deixaba sen contestar.
El só quería chatear
coa campesiña do lugar.

Príncipe real! Tiña moita elegancia
e esperaba catro horas con paciencia
para enviar un SMS sen esencia: 

A campesiña toleaba
ó ver que a conversa non avanzaba.

Ela non comprendía
o que o príncipe cun meme lle dicía.

A rapaza cansou
do silencio do príncipe co seu dobre tic azul
e marchou coas amigas
a pasar un bo día.
Sen móbil.

FOTO OU NON PASOU

O cambio climático

Refachos, sarabia, neve, lóstregos.
Auga quente nas Cíes, nas Cíes.
Berros palpábeis da nai Terra.

Ós millennials dános medo pensar
nun mundo sen wifi.

BOTÁRONME UN CHIP NO COLA CAO

Ser galeg@. E se es de Vigo, tes máis *lío*

17.5 ou 25.7

#bolboreta #agarimo #morriñenta #lercha
Ya estaría.

Patatillas

Os de Vigo *miramos* todo o tempo
porque se pestanexas
Abel Caballero xa che cambiou a cidade.

Caducouche a PassVigo

O Cuvi é moi galego
porque non sabe se sobe ou baixa.

DON'T WORRY, VAI DE ESMORGA
E QUE NON CHE DEA O PENSAMENTO


A rúa Paz

Mira, débúxoche un mapa:

① Hai:

Esta é a Gran Vía, non?

-Edifícios de seis pisos



Vale, enténdesme.

-Tráfico

Xente que

sobe

e baixa

-Ruído,

MOITO RUÍDO.

② Xusto en paralelo, a rúa PAZ.

-Con casas pequenas con parcela.

-Algunhas teñen coches e outra un chihuahua.

-Castañas polo chan...

-E verde, moito verde.

Non gris como a Gran Vía.

Verde.

-Silvas, herba, fiúncho.

Mmmmmmm.

Ulíchelo?

-Neste camiño concéntrase todo o sol que non chega á rúa principal.

Non é parvo o sol.

As casiñas lémbanme esa canción de Malvina Reynolds:

É un camiño estreito, estreito

*Little boxes on the hillside,
 Little boxes made of ticky-tacky,
 Little boxes on the hillside,
 Little boxes all the same.
 There's a green one and a pink one
 And a blue one and a yellow one,
 And they're all made out of ticky-tacky
 And they all look just the same.*

*Caixiñas na lomba,
 caixiñas de cartón,
 caixiñas na lomba,
 caixas cuspidiñas.
 Hainas verdes e rosas
 e azuis e marelas,
 e todas son de cartón
 e todas son cuspidiñas.*

E lévanme á aldea
 e á avoa que xa non está.
 Que che pedía un bico,
 en troques dunha moeda de 50 céntimos
 que che puña con atropelos na man, que pechaba e che
 metía
 man e moeda, no peto.
 «Non llo digas ó avó.» Que vén o lobo.
 Traficante de agarimos.

E penso no contraste
 entre cidade e rural
 gris e verde
 ladrillo inodoro, fiúncho delicioso.
 Entre non estar e estar:
 o avó que é pero non está
 e a avoa que xa non é pero estará sempre.

Prometéronnos un mundo de ladrillo
 para que ó cochiño non lle levase a casa o lobo.
 Ponte cómodo e non penses!
 Xigas, datos e technicolor.
 Esquecemos erguer a vista ó verde e ó sol
 e aguantar uns minutos máis a man engurrada.

De cando en vez hai que subir pola rúa Paz e non pola
[Gran Vía.


*And the people in the houses
All went to the university,
Where they were put in boxes,
And they came out all the same,
And there's doctors and lawyers.
And business executives,
And they're all made out of ticky-tacky
And they all look just the same.*

*E as persoas das casas
foron todas á Universidade,
onde as meteron en caixas
e saíron xaradas.
Hai médicos, avogados,
e grandes empresarios
e todos son de cartón
e todos son cuspidiños.*

XERACIÓN SEN VIDA EN 3D
POR CULPA DO 5G



relato curto



O FORXÁN E OS ASTEROIDES

Fabio Rivas Pardo

Primeiro premio

Antes da chegada do inverno, a estrada que conducía ao alto do Candán convertíase nunha extensa serpe de xeo. Da súa testa réptil emerxía unha lingua bífida en forma de dous vieiros de terra con fondas fochas coma pequenos cráteres lamacentos, franqueados por eucaliptos, carbалlos e uces noviñas.

Desde a póla dun carballo espido, o Forxán albiscaba a tenue luz dos faros dun xigante de ferro aparecer entre a néboa. O camión danzaba coa arritmia das pozas encharcadas e un rastro de fume negro perseguía o seu ronsel. Tilve axexábao agochado no medio das altas herbas, a carón do portal pechado da Institución, e logo de interpretar os acenos que o Forxán lle dirixiu coas mans ascendeu coma un esquí á copa doutra árbore. Decatarse da súa presenza, tan pequeneiro e ás escuras, era imposible. O Forxán asubiou tres veces e Tilve comprendeu que o terían enriba en menos dun minuto. Eran sabedores de tanto como precisaban para unha empresa perfecta: coñecían horarios, distancias e os motivos posibles polos que o vehículo se podería atrasar. Xa lle gustaría ao Lute.

O camión freou pegadiño ao enreixado do portal e del baixou un home que semellaba un bocoí de viño en dimensións e contido. Vestía unha camisa de cadros encarnados cos tres últimos botóns, case introducidos nos pantalóns, preto de despegar sen rumbo previsible. Baixo o mesto bigote pronunciaba blasfemias dedicadas tanto ao seu compañeiro coma á súa familia. Fixo soar o timbre e a señorita Adela, sempre atenta ás poucas visitas masculinas que recibía a Institución, tardou poucos segundos en aparecer detrás da porta.

—Bo día nos dea *Dios* —dixo o home groso mentres quitaba a pucha da cabeza. Ela respondeu cun leve asentimento e abriu ambas as lapelas do portal.

Axiña o outro home manobrou bruscamente ata deixar o cu do camiión a escasos centímetros dos chanzos que daban ao interior da Institución. Da cabina apareceu un home moito máis longo e delgado ca o seu compañeiro. Achegándose á señorita Adela eximiu o anular da pesada carga do matrimonio. Saudouna coa lascivia do seu sorriso fanado.

—*Dios* nos dea un bo día, señorita Delia. Cada día está vostede máis fermosa.

Aínda non soara a sexta badalada e a escuridade afogaba o espazo. As únicas luces visibles nacían da fronte do camiión e da Institución, que desde a posición do Forxán parecía unha desas cabazas ianquis que iluminan nos Fieis Defuntos. O segundo dos homes, ao que a señorita Adela chamou señor Antonio, apurou en abrir as portas traseiras do camiión. Coxeaba torpemente en cada paso que daba e aínda así traballaba con máis presteza ca o bocoí. Moi preto deles, sobrevoándolles as cabezas, cantaruxou un moucho que parecía afónico.

Tilve respondeu a canción do Forxán cun breve curuxar e baixou da árbore. Moveuse, invisible, ata alcanzar a cabina do camiión e alí agardou a escoitar de novo o moucho, o que significaría que os dous homes estarían descargando dentro da Institución. A porta produciu un ruído metálico, mais entrou no camiión co sixilo das miñocas. As uñas do Forxán minguaron entre os seus dentes e, unha vez quedou sen elas, comezaron a tremer. «Corre, carallo», pensou. Observou os homes saír de novo da Institución e coller cadansúa caixa de froita mentres Tilve rebuscaba no camiión.

—Merda —murmurou Tilve ao se rascar no pulso cun arame de cobre procedente do asento.

A cabina parecía unha corte de coches ben estrumada. Sobre o cadro de mandos atopou varias tarxetas de clubs de alterne, todos con nomes astrais, ademais de envases plásticos cheos de migallas. As latas de cervexas estaban engurradas no chan a carón dun outeiro de prensa diaria. O cume do montículo versaba sobre o recente sétimo ouro olímpico da selección estadounidense de baloncesto.

Encontrou o que buscaba detrás do asento do copiloto. Antes de botarlle man examinouno como unha nai a un fillo ferido e o deveso naceu no seu ollar canto máis as miraba. Era exactamente como tantas noites imaxinara. Ás súas costas escoitaba o barullo de voces e prestando atención ao que dicían decatouse do descosido que tiña na manga do xersei novo. Mamá íase enfadar, asimilou torcendo o bico. Só o tiñan usado Afonso e Daniel, xa que logo, diría, estaba do trinque.

—Eu penso que lle gusto —afirmou o tal Antonio.

Desde a árbore as palabras non lle chegaban ao Forxán con tanta claridade, pero soubo do éxito de Tilve co prender intermitente da luz da cabina.

—A señorita Adela é moita muller para ti, parvo. Ela quere un home de gabán, elegante e lido coma min —respondeu o home groso, fachendoso, tensando dos tirantes—. Non un homiño cunha gorra de Froitas Charito.

—Oes, á miña Rosario non a metas que non ten nada que ver. A miña dona si que é moita mullerona.

A retesía íase perdendo segundo se afastaban e, cando as voces eran xa inintelixibles, Tilve decidiu fuxir. Procurou deixalo todo ben desordenado co fin de non estrañar nada. Viu de esguello a pelota de tenis na cabeza da panca de cambios e non puido evitar un sorriso. «Aínda non!», berraron os miolos do Forxán ao intuír como se abría a porta do camiión.

Era decembro. A temperatura había horas que ficaba paciente no punto de conxelación da auga e a humidade non axudaba a quentar a sensación térmica. Porén, entre as pólas esfolgadas dun carballo frondoso, meandros de suor pegañenta percorrían o esqueleto do Forxán. Antonio recollía unha sorte de laranxas bravas que, pensando en sabe deus que porcallada, guindaron contra o chan. O Forxán imitou novamente o moucho por mor de chamar a atención de Tilve, pero foi inútil. O rapaz xa se cría vitorioso. Os seus sentidos cruzaron as fronteiras do raciocinio adulto e alcanzaron, nun instante, territorios da imprudencia xuvenil. Xa escoitaba as aclamacións e os aplausos cos que os demais o recibirían. E ao Forxán, por suposto. Ás veces esquecíao. Non obstante, o maxín do seu compañeiro divisaba, a moitas comarcas de distancia, a malleira que ían recibir do Mariñeiro. O son do cinto vibraba detrás da súa caluga a medida que un calafrío repasaba cada centímetro do seu corpo miúdo.

Por Mariñeiro os alumnos máis vellos da Institución coñecían o seu director. Disque, hai tempo, un dos rapaces escoitara ás agachadas unha conversa entre dúas das señoritas. «Don Pedro é coma un mariñeiro: ten amores en cada porto», e as dúas riron ás gargalladas mentres choraban por canto lles prometera. A única vez que Tilve pisou o seu despacho, no seu primeiro ano como alumno, recibira tal marimba por cagarse en certo santo que axiña decidiu volverse o seu devoto máis fiel. Daquela estancia só lembraba dúas aguias: unha disecada e esquecida nunha librería de madeira; outra falecida sobre unha bandeira nacional que ocupaba boa parte da parede, colgada á esquerda dunha fotografía sepia dun bigotudo envolto en peles e cunha medalla no peito. Tamén había un crucifixo. E un bote de vidro cheo de picotas cunha nota que Tilve lera apaixonadamente mentres o asoballaban: *Para o meu único e verdadeiro amor, dona Candela*. A cicatriz

dunha ferida na orella esquerda dividía o seu lóbulo en dúas partes xemelgas desde aquel encontro.

Co salto que pegou da árbore ao chan, o Forxán sentiu unha intensa dor dos nocellos á ingua. Devorou con fame a distancia suficiente para situarse ao bispel do vehículo, camuflado entre troncos e noite, e logrou ver o paso vago de Tilve achegándose a Antonio, aínda encrequenado, a piques de recoller a derradeira laranxa. Por moito que o chamou, o seu amigo non o escoitaba. A Tilve e a Antonio separábanos media ducia de pisadas, mais a hipnose que o sometía o que sostiñan as súas mans desviaba todo xuízo.

En certo modo, cismaba Tilve obstinadamente, xa non era para tanto. Agora que portaba o que causara neles infindo dezo, o morbo de o conseguiren degradou como o interese dunha barbantesa no seu compañeiro sexual ao cabo do coito. Tilve, inconsciente, por suposto, acababa de experimentar na súa pel o conflito do desexo freudiano. Con todo, a sacudida imprevista dun pelouro nas tempas desfixo o meigallo psicolóxico que o batía e os ademáns, desesperadamente indescifrables, dun Forxán na penumbra alertaron o seu sistema nervioso.

O Forxán gañou anos de vida tal e como Tilve se deitou baixo o camiión. Porén, as amplas mans que o agarraron polo pescozo e o xiraron ata mostrar aquel rostro espantoso, cuberto de engurras e olleiras mouras, arrebatáronlle varios lustros.

—E ti quen carallo es? —preguntou un madrugador alento a coñac que saía a través dun bigote amarelo.

O bulicio do grupo de rapaces amoreados ao redor de Tilve minguou coa chegada do Forxán ao dormitorio C. A estancia estaba conformada por dez liteiras, que daban refuxio ao dobre de internos, e fronte a elas unha ringleira de fiestras uniformes reinaban na parede. Ao lonxe,

ollando cara á dirección correcta, achábase o perfil esvaecido da antiga canteira na que ás veces os nenos xogaban aos asteroides: recollían follas do chan, canto máis secas mellor, e deixábanas caer, paseniño, nunha caixa de cartón logo de lles prender lume.

—Un éxito! —Tilve saudou o Forxán cun amplo sorriso, tan amplo que as súas meixelas inflaron coma globos e unhas pequenas fochiñas se acentuaron nelas. Ofreceulle ao Forxán o resultado do seu plan e este agarrouno sen alzar a vista.

—Os cartos —dixo o Forxán, sen sequera observar o que tiña entre as mans. Cando ergueu a testa, Tilve ficou pampo ao ver o seu ollo acugulando sangue—. Onde tes os cartos que colliches do camión?

A primeira das puñadas fixo abanear a Tilve igual ca un navegante a bordo dunha dorna no Gran Sol; coa segunda, estabilizouse de novo. Quizais de intentar protexerse antes podería ter algunha posibilidade. Talvez de poder previr o ataque o resultado non sería o mesmo. Mais o Forxán conseguiu inmovilizalo contra a parede con facilidade. Os rapaces presentes formaban unha media lúa que limitaba o campo de batalla. Barullaban e gritaban toda sorte de alentos e ánimos cara a ambos os guerreiros. Porén, a vitoria xa tiña dono desde o golpe inicial. O Forxán deixou ceibe a Tilve xusto antes de que perdese o senso e a refrega continuou no eido verbal: o Forxán esixíalle uns cartos cuxa existencia Tilve prometeu descoñecer. Vinte mil pesetas. Vinte billetes de mil.

—Que non sei de que me falas! —asegurou decote. Por veces cuspiá viscosos esgarros de sangue—. Xúrocho por miña nai!

Agromaron dos ollos do Forxán inmensas bágoas a medida que a súa respiración parecía acougar. Entón, despois de se limpar mutuamente as feridas dos seus rostros, Tilve recolleu o calendario que o Forxán arroxara ao

chan antes de pegarlle. Malia estar engurrado e roto de certo polas pisadas durante a pelexa, a imaxe víase con claridade. O papel correspondía á última folla do ano. Baixo os números, as fases da lúa acompañada de cadanseu santo; sobre eles, unha muller loura coa pel pálida norteeuropea, deitada na posición de quen dorme cun cabaleiro no pescozo, espida de cintura para arriba.

—Entón son así —sentenciu o Forxán cando levaba varios minutos memorizando a forma do seu peito. Tilve asentiu.

Debido ás espesas nubes, comezou a narrar o Forxán, que durante o transcurso da noite impediron atravesar a luz da lúa, o abrete demorou moito máis do estritamente necesario en presentarse nese xoves con recendo invernal. De feito, as primeiras lapas luminosas devalaron no adro da Institución mentres o Mariñeiro chegaba no seu Catro Latas. A través da ventá, o Forxán escoitaba en profundidade o ruído do vehículo. Era a primeira ocasión na que visitaba o despacho do Mariñeiro, pero lembraba trazos da vaga descrición que Tilve lle proporcionara había xa uns anos. O tempo voa, pensou, non como as dúas aguias, que no despacho do Mariñeiro xacían nos seus respectivos niños.

A señorita Adela, que custodiaba o Forxán máis para protexelo de Antonio e do compañeiro que para evitar a súa héxira, rompeu a tremer no mesmo instante en que escoitou a voz grave do Mariñeiro. A conversa cos outros dous homes apenas durou uns minutos. Entrou no seu despacho perseguido polo penetrante cheirume de Varón Dandy e a señorita engurrou o nariz mentres o saudaba.

—Bo día, don Pedro —ao ser ignorada, agachou a cabeza e abandonou o despacho. Antes de cruzar o guiceiro da porta, botoulle unha última ollada ao Forxán coa que lle desexou sorte.

Aínda que o neno procurou manter a calma, non podía evitar mirar de esguello os lentos pasos do Mariñeiro, que en sacro silencio cruzaba, unha e outra vez, dunha punta á oposta, o seu despacho. O Forxán agardaba fronte ao escritorio do Mariñeiro sentado nunha cadeira vella coas patas roídas, a funda do asento privada do recheo e que renxía con cada movemento. Nun arrebatado de dramatismo, o Mariñeiro desaloxou o seu escritorio varrendo co brazo tanto como había sobre el. Valeuse da épica e da tensión do momento para colocar na mesa, moi amodo, un listón de madeira, un anel cun selo que portaba a terceira aguiá e o cinto do que despois o seu pantalón. Faloulle da Lexión e enumerou tantos castigos cos que sancionaban os cadetes no servizo militar que case mexou por el. Ou sen case.

O Forxán evitou aludir polo miúdo o martirio ao que foi sometido. Tan só lle ensinou a Tilve as puntas dos dedos vermellas coma o lume e este palideceu. Neste xogo da guerra tocoulle ao Forxán ser unha mosca afogándose no lavabo. Tilve propuxo unha teoría que, sen moito insistir, o seu amigo acolleu de boa gana: unha vez descubriron o Forxán a carón do camiión, os dous homes, boci e fiúncho, argallaron un modo de saíren beneficiados finxindo o roubo duns cartos que endexamais houbo. Hai que ser cabróns.

—Prepare o macuto —ordenáralle o Mariñeiro mentres intentaba cubrir as nádegas rosadas cos calzóns, sen azos de se erguer de sobre a mesa—. Mañá virá buscalo o seu pai. Está vostede expulsado da Institución.

Ante a nova recibida, Tilve sentiu un maremoto de bile percorrer as paredes da gorxa. Miraba o Forxán, que procuraba ocultar a humidade dos seus ollos, e torceu a boca nun intento inútil de conter un salouco. Estaba destemperado. Tanto, que nesa situación na que a banda sonora axeitada sería unha canción de berce tristeira, o


diafragma de Tilve decidiu emprestar a cómica melodía do impo. Os dous riron, e nada máis finalizar a trompeta, apreixáronse nunha longa e sentida aperta que cheiraba a adeus.

En chegando a escuridade de novo a cubrir todo o ceo, Tilve foi cos maiores á sala de televisión. Despois da cea daban *Bonanza* que, xunto a certas radionovelas co mesmo fondo, eran o único entretemento dentro da Institución debido á afección de boa parte das señoritas a elas. En canto xurdiu a ocasión, Tilve finxiu caer do sono e, de camiño ao dormitorio C, saíu da Institución. Había un bo anaco que deixara de chover, pero no chan de terra xa se formaran charcos que afundían ata os xeonllos. Cruzou un pomar de árbores mestas, baleiras de froito nestas datas, e tivo que saltar unha sebe de silveiras, coa que mancou o pulso, e rubir nun muro de pedra que dobraba a súa altura para chegar. Coñecía ben o terreo, pois calquera outro no seu lugar se desorientaría. Tilve aprendera a utilizar as ruínas do antigo muíño, do que só seguía ergueita a estrutura e un rodicio caduco, coma punto guía no bosque.

Cando chegou á canteira só se escoitaban uns grilos a queixarse da viruxe.

E o roce dos mistos prendéndose contra a súa caixiña.

Aquela fría noite do mes de decembro, Tilve, baixo un enorme campo de estrelas diminutas, xogou aos asteroides con case vinte mil pesetas.



A URDIME

Beatriz Pilar Comendador Rey

Primeiro accésit

NOTA. Neste texto optamos por deixar na súa forma castelá os nomes propios dos protagonistas, os topónimos estremeños e as transcricións do xornal *El Ambrot*.

O RABAÑO



Esta historia comeza en Hervás, á sombra da serra de Gredos, nunha vila aos pés dunha alta montaña que chaman Pinajarro. Das neves case eternas do seu cumes descendem impetuosos ríos que caen da serra precipitados por entre os soutos pretos, para se entregaren ao río Ambroz. Esta forza da natureza moveu os muíños, e tamén as maquinarias de cardar e de fiar e os batáns, que mazaban a la de

ovella meiriña, para fabricar panos de boa calidade. Tamén a auga alimentou a terra, e a procura dos pastos creou a vida das sendas e das canellas da transhumancia, unindo cun fío de fina prata os pasteiros do setentrión cos vales do mediodía.

Cadaquén coida do seu rabaño. Conta a lenda que o infindo castañal fora da filla dun galego que viña cada inverno para fabricar cuncos e artesas coa madeira dos castiñeiros. Un infante de Castela mamou nas tetas daquela muller, que foi a súa ama de leite ata medrar forte, e a aba extensa do souto Gallego foi a magnánima recompensa ofrecida pola raíña.

Entre o aroma do carbón de castiñeiro, e o son das campás da igrexa do convento, a vida transcorría tranquila, pola senda da Soriana e da Solanilla, onde por séculos resoaron os sons dos batáns. Foron varias xeracións as que urdiron o ar das montañas, o sabor da terra e a forza das augas, para producir aqueles tecidos saídos das mans das mulleres que fiaban a la manualmente nos fusos e nas rocas. As mesmas que coseron os seus nomes escritos nos *mostraxeiros* de cores, onde a súa presenza bordada con data quedou inxenuamente prendida no tecido para formar parte da eternidade. Historias anónimas e fuxidías, de vidas e de biografías bosquexadas nas actas notariais das herdanzas, onde as árbores de familia non deixan ver o bosque das súas existenciais silenciadas.

A RAPADA



Era unha noite cálida de xuño do ano 1882. Escoitábanse prantos naquela casa da rúa Carrera, número 8. A hemofilia remataba coa vida de Casto Peña Asensio, fabricante da panos coma o seu pai Zacarías, o bataneiro. Sentíase morrer, así que asinou o testamento antes de poder ver a cariña de Carmen, a súa segunda filla que viña de camiño. E namentres a morte chegaba a unha estancia, a vida chegaba noutra, entre as pernas abertas da súa dona Celestina Peña. Casto finou só trece días despois, deixando a súa muller acabada de parir e dous meniños: Marciano e a pequena Carmen.

Pensaba a súa viúva Celestina, católica e bautizada na igrexa de Santa María, que resistiría coa herdanza e coa axuda da súa familia, pero só cinco anos despois a tuber-

culose cortaba as alegrías dos seus pulmóns, e falecía con trinta e catro anos e deixaba definitivamente orfos os seus dous cativos. E así foi como os irmáns foron separados. Marciano quedou co seu tío Pablo, e a meniña, que tiña só cinco anos, foi acollida polos seus tíos José e Teófila, cos que viviu antes de ser internada no colexio feminino do convento, onde aprendeu a fiar e a bordar. Alí comezou a crear o seu enxoval ou arca da noiva, tecendo os bens e as roupas de uso común da casa que as mulleres aportaban ao matrimonio. Debeu de ser neses anos da mocidade cando coñeceu a Carlitos, o seu mozo, e namoraron, como aqueles amantes da lenda da fonte Chiquita. Nos atardeceres dourados da serra decidiron xuntar os seus destinos para sempre, e compartir as súas vidas. E ela deixou bordadas as mesmas iniciais encadeadas dos seus nomes sobre aqueles tecidos como mostra eterna daquel compromiso.

O LAVADO



La miseria, aterrador fantasma que há largo tiempo se enseñoera en la rica Iberia y hace abandonar el suelo patrio a millares de sus laboriosos y honrados hijos, que allá, lejos del hogar que vieran por primera vez, separados por la gran masa salobre del Océano, del pueblo que guarda los recuerdos de su niñez, sus amores y alegrías de juventud y las veneradas cenizas de sus antepasados, van en busca de trabajo en que emplear sus fuerzas intelectuales y físicas, a trueque de algunos ochavos con que comprar el pan...

(HERVÁS, 24 DE DECEMBRO DE 1904. FRANCISCO LÓPEZ.
«LA COCINA ECONÓMICA». NO XORNAL LIBERAL *EL AMBROT*).

1904 foi un ano bisesto para esquecer en Hervás, no contexto macabro e de crispación política que se vivía en toda España. Eran tempos turbios e, unha vez máis, o destino deparáballo a Carmen Peña unha separación. Aquela vila que coñecera a expansión da industria dos panos dende o século XV, vivía unha profunda crise. As fábricas de manufacturas téxtiles, como a do seu tío Cipriano Peña, non pasaban polos seus mellores momentos. Os fusos manuais deran paso á mecanización do fiado, facendo máis curtos os tempos, e abaratando as producións. A pretensión de amortizar os teares de brazos xerou unha enorme disputa entre os traballadores. A competencia e os tributos abusivos chegaron para tirar os prezos e, con eles, o xornal dos traballadores e traballadoras das fábricas de panos, nun contexto de conflictividade social nunca coñecido naquel lugar. Durante nove meses, os altercados e as disputas dos obreiros tecedores organizados en comisións paralizaron as fábricas dos patróns, o que unido á escaseza de traballo agrícola e ás malas colleitas, trouxo a fame. Tanto, que as mulleres da vila en rebeldía pediron falar cos rexedores locais para que arranxasen a situación, porque non tiñan alimento que darlles de comer aos seus fillos. E foron moitos os que marcharon emigrados, fuxindo da miseria e buscando unha vida mellor.

Ramonchón, home de ben que prosperara aportando travesas para a construción dos camiños de ferro chegados a Hervás en 1893, tiña bos contactos en Galiza. Na súa casa de pedra da rúa Bodeguilla, de longa balconada, decidiu enviar o seu fillo Carlos a traballar a Ferrol, e sacalo daquel ambiente convulso.

A CARDA



2020 foi ano bisesto para esquecer, macabro e marcado por unha epidemia, pero no 2021 aínda navegamos pola marusía da terceira onda. Na radio falan dos contaxios e do reconto de vítimas, namentres saio camiño de Extremadura no meu coche, cruzando as portelas da Canda e do Padornelo. Eu levo no meu peto un «pasaporte» para peches de contorno perimetral. Na dureza do confinamento

madurei a idea de facer esta viaxe, cruzando os túneles e os días. Non é que non queira quedar na casa, cos meus. Pero este é un tempo necesitado, un tempo querido, un tempo roubado, para tomar distancia da vida que me foi dada. A máscara vai instalada no asento e, neste entroido permanente, o sorriso vai pintado por dentro, porque perdemos moita xente, e sentimos tristura polos que marcharon, os de antes e os de agora. En cada quilómetro vai chegando a perspectiva, porque quizais hai viaxes que iniciamos no noso interior para ordenar e limpar cun cepillo aquela masa enmarañada de pesadume que quedou en nós. Hai momentos que cambian a vida das persoas. Hai persoas que cambian de vida nun momento. Hai momentos que cambian as persoas para a vida. Eu sentín iso no encerro. Que xa nada sería igual. E aquí vou en camiño coa miña propia soidade no maleteiro.

O PEITEADO



El lunes salió para Galicia nuestro joven amigo don Carlos Comendador, empleado recientemente en la electricista de aquella población. Buen viaje.
(21 DE ENERO DE 1905. NO XORNAL LIBERAL EL AMBROT)

Hoy la prensa española dedica largas columnas a la revolución rusa y con la impresionabilidad propia de los hijos de Iberia empleamos nuestra más brillante retórica en clamar contra la criminal autocracia moscovita, vergüenza de la humanidad. Siempre somos los mismos. En España sólo nos dedicamos a eso, a criticar y a dar consejos... Y sin embargo,

*que necesitamos estamos de lo mismo de que adolece
Rusia y hasta con agravantes.*

(25 DE FEBRERO DE 1905. «FICCIONES». MIGUEL CANTARERO.
NO XORNAL LIBERAL *EL AMBROT*)

Carlos tornaba a traballar en Galiza. Primeiramente traballou en Ferrol, nunha empresa de electricidade, coñecida daquela como Sociedad General Eléctrica Gallega, onde pronto foi ascendido. Pediu permiso para visitar no Nadal a súa familia e os «seus amores favorables», pero novamente saía da terra con mágoa polo que deixaba. Foi na mesma semana na que miles de mulleres, homes e nenos saíron ás rúas contra o imperio ruso dos tsares, e a manifestación foi tan terriblemente reprimida que pasou á historia co nome de «domingo sanguento». Corrían por Europa ideas revolucionarias... e chegarían.

O FIADO



Era unha mañá do outono de 1907. O arrecendo da leña de castiñeiro impregnaba o ar cando comezaron a soar as campás da igrexa de San Xoán. Repicaban ledas anunciando un casamento, o de Carmen e Carlos, que cumprindo a promesa, volvera para casar coa súa moza e iniciar xuntos unha viaxe vital na emigración. Seguindo o mesmo fío, ela tamén deixaba atrás os senlleiros castiñeiros, as augas

tumultuosas e frías do Ambroz, a presenza permanente do altivo Pinajarro, as abas tinguidas de cores polas árbores florecidas na primavera e as luces douradas da tardiña. Deixaba quedar as lembranzas dos que a quixeran, da nai e do pai que perdera, da tía que a criou na súa orfandade, e das amigas coas que bordou o seu enxoval de casamento, marcado polas letras CC. Ficaba alí a súa fala aspirada e os seus tempos compostos. Ante o altar pregoulle axuda ao seu Cristo do Perdón e tremíalle o pulso. E todo o deixaba polo amor do seu querido Carlos ou «El Chate-te», co seu fachendoso mostacho. Ao cruzar a ponte de ferro pola vía do tren, foi borrándose a silueta da torre da igrexa de Santa María. Atravesadas nas gargantas as travesas dos adeuses, avanzaron polas curvas ata Baños de Montemayor, camiño de Puerto de Béjar, para saír por Salamanca. Ela tiña vinte e seis anos cando cruzou polas portelas do Padornelo e da Canda para quedar a vivir na Galiza. Sería a primeira vez que vería o mar, nas mansas augas de Arousa.

O RETORCIDO



Nunha casa con terraza xunto á ría, Carmen e Carlos criaron a súa familia galega de ascendencia estremeña. Tiveron cinco fillos e moitos netos. Os máis vellos chamáronse coma os seus avós, Ramón e Casto. Carlos traballou na electrificación de Galicia, onde chegou a ser inspector. Nunca esqueceu as súas ideas políticas xerminadas na mocidade, e militou na Agrupación Socialista de Vilagarcía de Arousa durante a Segunda República, para formar parte da súa executiva como vogal. Contan que envelleceu fumando os seus famosos puros e xogando as súas populares partidas de tresillo no Círculo Artístico

Mercantil. Din que ela quedaba na casa, que profesaba unha profunda fe e que nunca lle sobrava ningún neno. Din que naquela casa sempre había xamón nas merendas nas épocas de fame. Din que chegaban da serra «hornazos» e «perrunillas» amasadas con manteiga. Unha familia extensa e estendida. Din que acollían a quen chegaba, de lonxe, camiño das Américas por aquel porto.

Carlos volveu a Hervás e mantivo longas correspondencias. Ela non o sei..., non sei case nada. Non tiven a sorte de coñecer con vida os meus avós. O fío do destino rompeu ao retorcerse. Nacín filla serodia, cando xa todo pasara: viviran e morreran. Pero alí seguía o seu espírito.

A URDIME



Ceguei aquí seguindo o fío da miña avoa, que non soubo da miña existencia, aínda que está en min. Fun quen de tecer a súa historia, amodo, como nos teares de antano. No aparello están as lembranzas do meu pai e da miña tía, e tamén as expresións da súa fala de tempos compostos. O demais chegou nas páxinas dos libros e dos xornais, nas conversas e nas visitas a diversos lugares, incluídos os camposantos. Vivín na terra dos meus avós por un tempo. Quería amañecer polas mañás escoitando as campás da igrexa de San Xoán, e admirar cada luz, cada instante desta belida paisaxe. Quería cheirar o fresco daquelas

mañanciñas, as mesmas que propiciaron nos seus espíritos no medio doutros tempos de conflito, que eu hoxe estea aquí escribindo estas liñas. Percorrín todos os camiños, todas as serras, os cordais e as portelas. Dos soutos ás devesas, dos castiñeiros ás sobreiras, dos días ás noites. E aspirei a súa esencia por cada un deses camiños, abrazando a liberdade de poder respirar. Quería contar a historia de Carmen Peña, que é anónima como moitas outras vidas de mulleres, para dar conta da súa existencia e facer visible o seu nome e o seu tempo, como nos *mostraxeiros*.


E logo desta experiencia, vexo que non estamos tan lonxe. Somos mulleres de distintas épocas, e máis de cen anos separan as nosas viaxes. Pero quizais temos máis cousas en común do que eu pensaba. As nosas vidas están cruzadas, como os fíos, porque a urdime da existencia nos tece co que fomos e co que somos, e nesa trama entrelazamos mans de muller por volta do agarimo. Hoxe teño que regresar a Galiza. Quizais nunca saberei como foi, nin como pensaba a miña avoa. Pero sei unha cousa, o que tivo que sentir cando deixou atrás esta terra, cunha epidemia de fondo, a esperanza dunha vida nova..., e sobre todo..., a promesa de regresar.

O ABATANADO



Nas ribeiras do Ambroz restan as ruínas de varios edificios. Escóitanse as augas correr río abaixo, deixando baleiros os cubos e os rodicios. As mazas dos batáns calaron hai máis dun século para non falar nunca, e só quedan as vellas estruturas entupidas no abandono, no medio das silveiras. E o silencio tingue de invisibilidade os diminutos fíos paralelos entrelazados na basta urdime da memoria.





UN VALSE NO TEU RECORDO

Clara Costas García

Segundo accésit

Un doce aloumiño escorregouse polo teu rostro arrubiado. Ía moita calor ao carón da lareira e as miñas mans, ciceladas pola friaxe dos anos, non cesaban de depenicar margaridas. Conteiche, coma sempre adoitaba facer, algunha lembranza que tiñamos xuntos. Unha vida batuxada polas ondas do mar e o gorentoso aroma a torta de mazá.

Hoxe, déuseme por narrar a anécdota do ramo de caraveis. Xa hai uns cinco anos, eu viña de pasear a cadelá. Ese día cambiara de ruta porque o camiño de sempre xa se nos facía aburrído. Cando nos faltaba pouco para chegar, atopámonos cunha casa, meu Deus, que casa!

Semellaba unha mansión das que tan só se ven pola tele. E o mellor de todo: tiña un xardín con árbores exóticas e flores de todas as cores. Non puiden evitar pensar en ti e na túa paixón pola botánica. Pero, o que realmente me enfeitizou foi unha caraveleira multicolor. Era a túa flor preferida, así que non dubidei nin un segundo en roubar uns poucos caraveis para facerche un ramo. E foi así como che levei, a lume de biqueira, o arco da vella á porta da casa. Timbrei, cousa rara en min, e alí estabas ti, miña flor, apertándome a min e máis o ramo. O que ningún dos dous sabía é que a grande eiva dese agasallo era que estaba ategado de avespas e ao apertalo anoxáronse con nós. Estivemos repletos de picaduras durante case un mes.

Desexabas bailar, coma naqueles tempos nos que aínda eramos moi novos e as festas da vila eran a data máis soada do ano. Ninguén nos facía competencia, eramos a raíña e o rei da noite. Ao rematar de tocar a orquestra, iamos xunta a nosa carballeira e falabamos de literatura. Ti eras máis ben de poesía intimista, eu máis de temas

sociais. Pero entendiámonos marabillosamente. Eras a rapaza máis louzá e intelixente do mundo, nunca deixei de abraiarme cos coñecementos que compartías comigo. A túa mente era coma unha habitación solleira, sen desacougos, chea de arte e un espello onde nos mirar, medrar, mellorar e amar.

Por iso, a última vez que marchei ao mar regaleiche unha edición especial de *O soño sulagado* de Celso Emilio Ferreiro. Recordo escribir na primeira páxina unha das miñas estrofas favoritas:

*Sempre,
dende a neve dos tempos,
eu, na túa ialma.*

Ese libro tiña un anaquiño de min e mais de ti. Porque a temática intimista e a crítica social sempre casaron ben, coma ti e mais eu.

Hoxe semellabas tristeira, miña Lela! Ogallá che sacase unha risada! Fuches polo noso álbum, ultimamente adoitabas ensinarmo moito. Éncheme de alegría ver o fermosa que eras nos teus anos mozos e a sorte que eu tiven. Sempre tan leda, para min es a cor amarela, sempre alumeeas as vidas dos demais. Ti es primavera, pradaría e Sol. Eu outono, mar e néboa. Os dous somos lar.

Eramos a envexa de toda a vila, a xente dicía que se lles apegaba un pouco da nosa ledicia ao vernos. E a verdade é que razón non lles faltaba, riamos máis alto do que pensabamos e dabámoslle voz ao corazón.

Pero, como é lóxico, non todo foron días de luz, tivemos que traballar moito para saír das nosas propias escuridades. Dende ben pequeno soñara con ter unha casiña de meu bastante xeitosa, cun carballo no xardín para así no verán deitarme á sombra e botar unha soneca, cunha pequena horta e cun cuarto con vistas ao mar. Tamén quería un

piano de parede, pois meu avó fora pianista e meu pai contaxioume esa fascinación pola música. O seu soño era que eu tamén o tocase, mais a paga dun humilde mariñeiro non era dabondo para este tipo de luxos. Prometinlle que algún día aforraría os cartos para compralo e aprendería un tango da Arxentina da súa infancia. Enchíanseme os ollos de bágoas imaxinando a cara que poría ao contemplarme tocando o piano, e o feliz que se sentiría vendo a nosa ilusión facerse realidade.

Ao principio o tempo pasaba devagar. Ti e mais eu sendo mozos intentando xuntar os cartos para casar, traballando de sol a sol, eu nun barco e ti na escola. Xa casados, fomos vivir na antiga casa da túa tía, que non tiña xardín, nin horta, nin carballo, nin sequera vistas ao mar. Cos anos a casa foi converténdose en fogar, pintámola coa nosa personalidade, enchémola de libros, flores e recendo a torta de mazá. Fixemos unha pequena horta onde plantabamos patacas, leitugas e tomates. Incluso puxemos unha árbore, aínda que nunca chegou a ser o suficientemente alta como para que a súa sombra nos refrescase os días de máis calor.

Con todo, ningún cuarto daba ao mar, pero iso xa non me importaba. O noso cuarto tiña vistas ao lugar máis bonito do mundo, un recuncho de terreo froito do noso esforzo, o noso xardín, un lugar onde ser, dar renda á nosa imaxinación e medrar ao igual que o facían os teus caraveis e as miñas leitugas.

Tras moitos anos máis de traballo conseguín o piano. Aprendín un tango, non moi trabaloso, xa que os meus dedos bailaban con bastante torpeza polas teclas, pero polo menos ti viñas correndo ao salón nada máis escoitar os primeiros acordes. Daba igual se estabas fóra ou na ducha, coas botas cheas de terra ou coa toalla, bailabas polo salón coma se estiveses convidada ao baile da ópera. Cando terminaba co piano querías que bailásemos

xuntos, sempre me pedías un tango, un valse vienés e un pasodobre, sen cambiar a orde. Como eu era ben torpe, ti facíasme de guía, xirabamos xuntos, dabamos un paso para atrás, outro para adiante e sempre, sempre, ao rematar, saltabas ao meu colo, coma se quixeses voar.

Se de algo me arrepinto na miña vida é de que o meu pai non estivese alí para velo. Ogallá puidese ver como colocamos o piano en fronte da fiestra, como toquei as miñas primeiras notas e como ao darlle vida a unha partitura puiden facer feliz a persoa que máis quero. Tíñache boa razón meu pai, a música fainos sentir vivos. Espero que ese tango, que tantas veces che toquei, lle chegue a el onde queira que estea. Creo que estaría moi orgulloso de min. Agardo que a vida eterna o teña ben ledado.

Algo que non cambiou cos anos é que eu seguía sendo mariñeiro e ti mestra. Eras a razón pola que os cativos foran con flores á clase. Sempre coidabas de cambiar a auga todos os días do xerro da túa mesa para que as flores silvestres que che traían os alumnos non perdesen a súa cor. Moitas noites poñíaste á procura de libros para a clase de lectura que impartías dúas veces á semana. Sempre buscabas aventuras, só aventuras; que se piratas que ían tras tesouros, reinos afastados, expedicións ao espazo exterior etc. Xa estaba o mundo bo como para contar as típicas historias aburridas que lían en todos os colexios. Querías que a rapazada viaxase coas túas palabras a lugares exóticos ou imaxinarios, que soñase, porque quizais, non tería oportunidade de volver facelo máis na súa vida.

A moitos pais da vila enchíaselles a boca criticando o teu labor, que metías fantasías nas cabezas dos nenos. Un bo mestre tiña que dar medo, ser unha figura autoritaria e ti estabas moi lonxe de semellarte ao monstro que eles tiñan como ideal. Miña Lela, esta xente non entende que ti gañaches o aprecio dos cativos e cativas, e ese é o maior respecto que un pode acadar. Un mestre que ensina co

corazón fai que os alumnos aprendan co corazón. Acaso tiñan medo de que os seus fillos se convertesen en adultos con alma?

Do meu oficio non teño moito que contar. Era sempre o mesmo. Uns meses en terra, outros en alta mar, moi lonxe da primavera, da pradaría e do Sol. Soamente dúas cousas me mantiñan cordo no charco: a primeira era un caderno que merquei no que anotaba algunha andanza para así contarche ao meu regreso, era en certo modo un xeito de estar xunto a ti. Imaxinaba a túa cara contándoches que nas redes atopamos unha botella cunha mensaxe nun idioma estranxeiro, ou que o Xurxo deixou unha porta aberta e coa ondada entrou toda a auga nos cuartos. A outra eran as ceas a bordo, sempre ben entrada a noite, cantando coma se fósemos unha comparsa desafinada desfilando no entroido da vila. Pero o mellor viña logo, á alborada. Pasabamos de ser mariñeiros a ser filósofos.

Nunca che gustou que fose ao mar, parecíache perigoso, pero eu tampouco contaba con estudos para aspirar a outro oficio. Rezábaslle a todo santo canto había para pedirlle que sempre chegase ben a porto. Poñíaste nerviosa, mesmo deixabas de alumear, aínda que endexamais deixaches de ser a cor amarela. Era a única vez que eu tiña que animarte a ti e non ao revés. Dicías que a intuición feminina nunca erraba, que se estabas intranquila era por algo importante. Ti eras máis de navegar en alta mar entre as páxinas dun bo clásico da literatura mentres eu corría os mares do norte. Outra cousa que non cambiou cos anos foi a túa ilusión e a miña curiosidade. Sempre que me vías subir ao barco, como o adeus doía moito, dicías-me sempre «deica logo». Levamos corenta anos xuntos, como ía imaxinar unha vida sen ti?

Paseniño, ías pasando as páxinas do álbum, dende a nosa voda ata os pasados anos. Paraches de súpeto, cando viches a soada foto do meu trinta e dous aniversario.

Era finais de outubro, estaba só na casa, ti dixérasme que tiñas moito traballo na escola e que ías chegar un pouco tarde. Ficaba triste, xa que ao día seguinte volvía varias semanas ao mar. Aínda que fose un home ben bulideiro, ese día non me apetecía facer ren, nin traballar fóra, nin tocar o piano, nin ler o xornal..., nada. Deiteime un anaco no sofá e unha mancha de cousas atormentaron o meu pensamento. Como ti adoitabas dicir, sempre que as miñas vacacións estaban a piques de rematar, a miña mente lembraba a montaña da nosa terra, asolagada de néboa.

Cando estaba a piques de quedar durmido entre o vai-vén das miñas inquedanzas, quitoume o sono unha música de gaitas e de pandeiretas que aos poucos ía facéndose máis intensa. Pensei que me estaba a volver tolo, pois nestas rúas non cantaba nin o galo da veciña. Quizais estaba empezando a morrer e non me decatara. Finalmente, déuseme por ir á fiestra para ver que estaba a pasar, ata que te vin a ti e mais unha ducia de músicos case na porta, cun cartel que poñía «PARABÉNS, ANTONIO!». Case quedo no sitio da sorpresa que levei! Traiades castañas, viño e canto. O magosto veume visitar á casa! Fomos onda a lareira a festexar, brindar e bailar. Nunca me deixou de abraiar a túa capacidade de alegrar as persoas. Xa o dixen antes, eu son outono e ti primavera, non cabe dúbida.

Paseando as mans polas páxinas atopas a foto daquel Nadal, esa si que foi boa! Pasamos as festas na casa do teu irmán. Daquela, os nosos sobriños aínda eran pequenos, mais no colexio xa andaban a contar que o Papá Noel non existía, que eran os pais. Así que ti tiveches a xenial idea de que eu podería disfrazarme del para seguir mantendo a maxia destas datas. A todos pareceunos unha ocorrencia do máis simpática que lles encantaría aos meniños.

Chegou a noite de Nadal e non quedaba ningún recuncho da casa sen adornar, ata a árbore que estaba a carón da fonte tiña luces. Tivemos unha cea moi gorentosa, chea

de tesouros do mar, turrón e licores. A sobremesa, entre anécdotas e pórnos ao día, alongouse un par de horiñas. Os dous cativos xa estaban cansos e a un xa lle estaba a vir o Pedro Chosco. Decidimos que era o momento.

Fun ao baño, coa túa axuda puxen o disfrace e, para que quedase máis realista, coloquei un coxín na barriga e enchín un saco con caixas de cartón. Saín por detrás da casa e empecei a dar voltas polo xardín, xusto en fronte das fiestras onde estabades vós. A túa cuñada comezou a berrar «Mirade, mirade! Está Papá Noel no xardín!». Os nenos correron á xanela e quedaron sen palabras. Non podían dar creto do que estaban a presenciar. Gritáronlle ao pai que trouxese a cámara, que tiñan que amosarlles aos seus amigos que existía. Quíxenlle engadir algo de humor á situación e simulei que tropezaba e que caía e, ante a tremenda gargallada colectiva que causei, quixen volver facelo pero desta non saíu nada ben. Calculei mal e caín á fonte de augas glaciais. Os nosos sobriños empezaron a chorar e a berrar que o vello dos regalos morrera afogado e que o fósemos rescatar. Pobres criaturas, o trauma que lles causei esa noite quedoulles de por vida! Non sabíades onde vos meter.

Xusto ao saír da auga víronme de novo e comezaron a aplaudir, pero volveu o desastre cando me caeu o coxín que facía de barriga á herba, deixando os cativos mudos. A imaxe dun Papá Noel esnaquizado xa era demasiado forte e decidistes contarlles que era tío Antonio disfrazado, que quería facer unha broma e saíulle mal. E así foi como acabei coa maxia do Nadal dos meus sobriños. Na instantánea, como non, saio eu enchoupado entrando pola parte traseira da casa.

Pasaches á derradeira páxina do álbum e atopámonos coa foto, a túa foto preferida. Pedíchesme por favor que che contase unha vez máis o que pasou ese día, que querías lembrar. Xa sabía eu que esta foto íate facer sorrir!

Que fermosa estás cando se che pronuncian as engurras! Acouga, que lembramos xuntos, Lela.

Fora o verán dos nosos trinta e cinco anos. Alugarámos unha casa en Muxía unha fin de semana. Nós non adoitabamos saír moito da vila, pero ti, que sempre ías pegada a un libro, levabas xa un tempo contándome mil e unha historias sobre ese lugar. A Costa da Morte, terra de lendas, mitos e tamén a fin do mundo. Pasounos o tempo entre as areas e o vento. Nin os soles máis cálidos de agosto puideron apartarte desas praias nin afastarte do salitre que aos poucos ía definindo os teus rizos. Porén, non eras quen de achegarte nin un chisco á beira do mar. Sempre lles tiveches medo ás ondas e a min dábame unha mágoa terrible que nunca foses capaz de meter un pé na auga. Levabas toda a túa vida sen saber o que era nadar no océano e iso non tiña perdón de Deus. Así que, collinte desprevida e lanceime contigo ao mar. De primeiras, non foi boa idea, pero cando te decataches do que acababamos de conseguir, déchesme unha forte aperta e a túa risa non deixaba de resoar entre os cantís. Dende ese día a túa voz leva un chisco de sal do Atlántico. Unha parella que pasaba pola beira, sorprendidos ante tal espectáculo, aproximouse a nós e dixéronnos se nos podían fotografar, que a imaxe quedaría de filme. No momento de tirar a foto, xusto unha onda bateu nunha pedra que tiñamos detrás, nin que estivese todo preparado. O home, abraiado pola fotografía, dixo que nola agasallaba. Cando ía collela, ti lles indicaches onde tiñamos as toallas para que a deixasen alí. Non querías saír da auga!

Comezou a chover e escoitábase a tronada de lonxe; era cando mellor se estaba. Podería dicir que me gustan as treboadas, ás veces o caos fainos sentir libres.

Pechaches o álbum, deixáchelo na mesa do lado do sofá, puxeches un valse inglés e bailamos por toda a sala mentres unha bágoa que saía do teu ollo dereito ía perfilando


a túa cara. Pero non puiden facer que botases unha risada. Nin sequera fun quen de espertar o teu sorriso de bolboreteta.

Se queres, continuamos bailando un tango, un valse vienés e un pasodobre, sen cambiar a orde, coma sempre me pedías cando eramos novos. Xiramos xuntos, damos un paso para atrás, outro para adiante e coma sempre, ao rematar saltas ao meu colo, coma se quixeses voar, e a verdade é que voas. Ogallá chegues ao ceo, miña Lela!

Están a petar na fiestra. É o veciño que vén de apañar leña. Tras intercambiar un par de frases con el, regresas á nosa pista de baile. Pero cando dás a volta eu xa non estou, non estiven en ningún intre. Ficas soa, levas moitos anos estando soa. Sempre esqueces que me levaron as ondas do mar.



traducción



O CAMIÑO IMPERFECTO

Joaquín García Domínguez

Primeiro premio

Datos da obra:

Autor: José Luís Peixoto

Título: *O caminho imperfeito*

Lingua de publicación: portugués

Lugar e ano de publicación: Lisboa, 2017

Editorial: Quetzal Editores

*O distante perde distancia cando se vai até alí. Os lugares máis afastados son aqueles onde nunca se estivo. Cando xa se foi a un lugar, mesmo que sexa necesario atravesar o planeta, sábese que é posible facer ese camiño. Deixa de pertencer ao descoñecido sen detalles, adopta formas inesperadas.
Hai vida alí coma hai vida aquí.*

1

NUNHA DAS CAIXAS DE PLÁSTICO, había a cabeza dun bebé. Noutra caixa, estaba o pé dereito dun neno, cortado en tres partes. Había tamén dúas caixas con anacos de pel tatuada e, na última, había un corazón humano.

As cinco caixas de plástico estaban repartidas dentro de tres paquetes que foran depositados na oficina de correos do Centro Comercial MBK, xunto á Siam Square e dirixidos a tres enderezos de Las Vegas: Eugene Johnson, 3070 W Post Road; R. Jene, 2697 Ruthe Duarte Avenue; e Ryan Edward McPherson, 2913 Bernardo Lane.

Eses paquetes foron expedidos como «xoguetes para nenos», mais non chegaron a saír de Bangkok.

2

OS OLLOS DO PAXARO eran dous puntos cravados na negrura absoluta, coma se existise unha noite enorme detrás deles, coma se eses puntiños fosen a única comunicación entre este mundo e esa noite infinda.

No interior da gaiola, o paxaro non tiña por onde fuxir do medo: todos os seus instintos eran infrutuosos, a súa experiencia non lle daba garantías do que ía acontecer.

Eu prendía a gaiola coas dúas mans, era de madeira liviá. O seu peso contiña o do propio paxaro: gramos de pánico. Ao redor, todo era moito máis pesado: os bloques de pedra do templo Wat Traimit, os muros de pedra, banzos de pedra que conducen até alí arriba, ao altar do Buda de Ouro, *Phra Maha Suwan Phuttha Patimakon*, a maior estatua de ouro macizo do mundo, de cinco toneladas e media.

Até o aire era pesado –espeso, húmido, quente coma a sopa, coma o *tom yam* picante, herba limoeira–, até o ceo era pesado.

O fume do incenso ascendía ao ceo, mesturábase con el, tinguíao. Bangkok enteira subía ao ceo: avenidas ategadas de tránsito, millóns de voces. O templo Wat Traimit está en Chinatown, no centro dun labirinto. A única saída, parecíame, era o ceo.

Abrín a porta da gaiola. O paxaro encolleuse durante algúns instantes, temeroso do firmamento, coñecedor do seu tamaño mellor ca min. E, de súpeto, saíu disparado.

Nin tempo deu para que Makarov lle sacase unha fotografía.

A petición miña, Makarov tiña a súa máquina preparada para rexistrar o instante en que eu soltase o paxaro –un liberador vaidoso de paxaros–, mais ese segundo pasou rápido de máis. Só conseguimos alzar o pescozo e ver como desaparecía.

No budismo tailandés, a idea de karma deu orixe á idea de facer méritos. A idea de facer méritos deu orixe á liberación de paxaros. A liberación de paxaros orixina unha positividade que, máis tarde, regresará ao seu autor.

A lóxica desvirtúase cando se sabe que, antes, eses paxaros eran libres. Foron capturados e engaiolados só co propósito de vendelos –cen *bahts*– e volver soltalos.

Mais, naquel intre, eu non pensaba niso.

3

AÍNDA SON QUEN DE SENTIR O CHEIRO da tenda do señor Heliodoro. Subía o chanzo e accedía ao seu interior: artigos para toda a familia, amoreados no chan, dispostos en andeis, pendurados do teito por cordeis, expostos en vitrinas que o señor Heliodoro abría cunha chave. A tenda cheiraba á mestura de moitas pezas novas, ás súas cores: rolos de tea que medía cun metro de madeira, baldes, vasoiras, estropallos de aluminio, xoguetes para o Nadal, tubos de cola, tesoiras, calzadeiros, cordóns de zapatos, moldes para tortas. Aos poucos, as mulleres mercaban o enxoval das fillas na tenda do señor Heliodoro.

Eu tiña menos de doce anos –a idade do meu fillo máis novo–, chegaba con algunhas moedas, talvez cun billete de vinte escudos, subía o chanzo e accedía ao seu interior. O señor Heliodoro sabía que era gardián dun vasto tesouro. Axustaba as lentes ao nariz e, indiferente, contaba a volta que eu deixaba no mostrador. Eran cartos que gardara das visitas á casa da miña madriña e que ela seleccionaba solememente do seu moedeiro.

Demorábame en escoller unha gaiola: examinaba os resortes da porta, comparaba as cores. Poucos días despois, aquelas reixas de plástico estarían ocupadas por un grilo, logo de ser capturado nos campos lindeiros á carpintaría do meu pai, ao longo da estrada do campo de fútbol.

Nas interminables tardes de primavera ou do verán, mataba o tempo en observar eses animais: as antenas, a cabeza redonda, brillante, e o relevo das ás, esculpido con estampados. Dáballes follas de leituga e limpáballes a gaiola onde, un día, aparecían mortos.

4

O CORAZÓN TIÑA A MARCA DUNHA PUÑALADA. O pé fora cortado horizontalmente en tres partes. A cabeza do bebé tiña os ollos pechados, coma se o contrariasen antes de quedar durmido. Nun dos anacos de pel había tatuados símbolos máxicos e budistas –chamados *sak yant*–, no outro había un tigre.

Non foi posible identificar a quen pertenceron os restos humanos atopados nas caixas, levaban mergullados en formol durante demasiado tempo. O xornal *The Nation*, do 17 de novembro de 2014, luns, mencionaba que, con toda probabilidade, foran roubados do museo médico do Hospital Siriraj, en Bangkok, o maior e máis antigo do país.

A policía afirmou que a cabeza, o pé, o corazón e os anacos de pel tatuada foran comprados no mercado Khlong Thom. Pola súa banda, os sospeitosos declararon que, cando atoparon eses restos humanos, estaban a pasear en «tuk tuk» nun lugar que esqueceran; entón, de broma, decidiron enviárllelos a uns amigos nos Estados Unidos, só para asustalos.

Cando tiñan vinte e poucos anos, os dous sospeitosos crearon, produciron e dirixiron os vídeos *Bumfights*. Ryan Edward McPherson e Daniel Tanner déronse a coñecer en Internet por filmaren, en California e en Las Vegas, unha serie de catro filmes con persoas sen teito. En troco de diñeiro, alcol ou comida, estes sen teito loitan entre si ou fan acrobacias que, sempre, rematan mal.

Ruffus Hannah e Donnie Brennan eran dous sen teito, alcólicos e amigos.

Protagonizaron algunhas das escenas máis coñecidas dos catro filmes da serie *Bumfights*. Durante as gravacións, Hannah bateu en Brennan con tanta violencia que lle rompeu unha perna por dous sitios e tivo que someterse a unha intervención cirúrxica. Hannah, á súa vez,

padece epilepsia por mor da súa participación nestes vídeos, que incluían lanzarse escaleiras abaixo nun carro de supermercado ou botarse de cabeza, reiteradamente, contra paredes e portas de metal. Tamén lles pagaron por facérense tatuaxes. Hannah tatuou a palabra «Bumfights» nos dedos, Brennan tatuouna na testa.

Recibiron dez dólares, de media, por cada unha desas «fazañas».

Outras escenas dos filmes, con outros protagonistas, mostraban persoas adictas a recolleren pedras de crack en lugares de difícil acceso, perigosos; ou a prenderen lume nos seus cabelos; ou a arrancaren os seus dentes.

En 2003, xurdiu unha banda xuvenil, fóra do común, de mozos brancos de familias de clase media –chamada 311 Boyz– que, influenciados por estes vídeos, comezaron a perseguir os sen teito de Las Vegas e a filmalos. Esta banda chegou a ter preto de cento corenta membros.

Tras un proceso xudicial, os produtores de *Bumfights* foron condenados a pagarlles a Hannah e a Brennan unha indemnización en efectivo. Esa contía nunca se fixo pública, pero suponse que foi considerable, xa que os vídeos proporcionaron ganancias de millóns de dólares en vendas.

En Tailandia, no interrogatorio sempre estivo presente un representante da embaixada dos Estados Unidos. Os dous sospeitosos foron postos en liberdade coa condición de que volverían a semana seguinte para continuar coa investigación. Neste momento en que estou a escribir, o seu paradiro é descoñecido.

5

FARANG É A PALABRA QUE OS TAILANDESES usan para se referir aos estranxeiros occidentais brancos.

Hai máis de catrocentos anos, os mercadores portugueses levaron as primeiras goiabas a Tailandia. Entre outras

moitas hipóteses, esa é unha das probables orixes polas que se lles chama *farang* aos estranxeiros brancos. Goiaba dise *farang*, en tailandés.

Ás veces, entre distintos sons, é posible distinguir as sílabas da palabra *farang*. Vai acompañada de prefixos, sufixos ou outras palabras; tamén se usa como parte dos nomes de produtos que chegaron da man de estranxeiros brancos: pataca dise *man farang*; chicle dise *mak farang*; coandro dise *phak chi farang*. Aos turistas occidentais brancos de escasos recursos (os de sandalias e mochila) os tailandeses chámanlles *farang khi nok*, que significa literalmente «*farang* cagada de paxaro».

6

OS TURISTAS ESTABAN CORTADOS POLA METADE, xeometría de pernas articuladas, as súas voces chegaban desde o exterior. Eran voces enrouquecidas pola espesura dese azul: perdían aínda máis o sentido que, alí, xunto ás súas bocas, tampouco tiñan. Sabía que as palabras dos turistas eran só un ruído de sílabas, non tiñan ningún significado.

Mais a miña respiración cubría todos os sons: era o motor da fábrica que produce o mundo. Inhalaba e exhalaba, suxeitei o bocal do tubo cos dentes, notaba o tacto da goma pegada ás miñas enxivas. Baixo a superficie vítrea que cortaba os turistas pola metade (pernas alongadas por aletas amarelas, traxes de baño rechamantes, chalecos salvavidas relucentes), a auga estaba sucada pola lentitude da fina area. Pairaba a través destes puntos brillantes, desordenábaos cos meus movementos.

O casco do barco era un planeta. Os peixes eran o tránsito. Agrupados por cores ou independentes, tiñan un lugar onde ir, seguían camiños que só eles coñecían. Eu escorregaba sobre as algas e o coral, coma se sobrevoase

unha cidade. O sal queimaba a miña pel, o sol reconfortábaa.

Sentín un toque no ombreiro. Era Makarov. Agora non lembro exactamente o que quería. Só lembro un cardume branco de burbullas de aire que o envolvían, unha certa urxencia e como os seus ollos trataban de falar.

7

ESTENDIAMOS AS NOSAS TOALLAS DE PRAIA sobre a caixa dunha camioneta accidentada. Era o sol de xullo: recibíámolo con todo o corpo.

Nun dos lados, o enorme patio: pías desordenadas de troncos, unha montaña de serraduras máis alta que o teito da carpintería, montes de listóns imperfectos e restos de madeira, o chan cuberto de cortiza de piñeiro. No outro lado, a horta que se estendía na distancia –árbores cheas de froita, rectángulos verdes, pólas á altura da cintura, dos xeonllos, a rentes do chan–, o cheiro da terra.

Deitados nas toallas, talvez tivésemos os ollos pechados –o sol que facía pasar a luz a través das pálpebras–, ou talvez contemplásemos o ceo: a inmensidade atravesada por un feixe de nubes, de veos ou de espectros, por pombos fieis, por brisas que flotan sen rumbo. O chan da caixa era de madeira branda, desgastada por todo tipo de cargas, reparada con táboas escuras ou claras. Marabillábanme as conversacións dos fillos do socio do meu pai e dos amigos destes –todos máis vellos ca min–, mais nunca mostraba asombro.

Lembro a dimensión desas tardes.

Saltaba no aire, de súpeto, por encima do muro do estanque. Lembro ese instante antes de caer á auga, aínda seco, parado baixo o sol de xullo; tería nove ou dez anos. Sei que o estanque era pouco profundo.

A auga estaba boa cando comezaba a verdear. Ao comezo do verán, durante varias tardes, non se repoñía a auga das regas –deixábase correr a esgalla polos sucos–; máis tarde, cando o estanque estaba case baleiro, fregábase o limo das paredes e, durante unha noite, deixábase a billa aberta. Esa auga cristalina estaba xeada. Só quedaba boa temperatura cando comezaba a verdear.

Se tiña fame, andaba descalzo pola terra e escolmaba un pexego maduro da árbore. O zume escorríame polos brazos, pingábame polos cóbados: limpaba a boca coas mans e mergullaba. Aprendín a nadar nese estanque para a rega.

Eu nadaba cos ollos abertos baixo a auga.

Despois, deitábame na toalla da praia, na caixa do camión accidentado, coa auga verdosa que secaba no meu corpo, baixo o mes de xullo, baixo os sons illados do campo e o ouveo desesperado das máquinas que, ao lonxe, serraban madeira.

8

DE MADRUGADA, CANDO COMEZABA A ESPERTAR O PERFUME nos arranxos florais, o autobús percorreu varios hotéis de Krabi para recoller aquel grupo de descoñecidos.

O italiano falaba inglés. Todo o mundo estaba a afacerse á velocidade do barco, ao son dos motores, ao propio desprazamento, tan pronto como o italiano se aferraba ao toldo, empolicado nun lugar que non se nos permitía, nunha posición que non seríamos capaces de manter.

Tiña os seus chistes memorizados: as pausas, os tons cos que pronunciaba certas frases. Os turistas eran educados, escoitaban as instrucións de seguridade seriamente e rían os chistes. Poderían levantarse para sacar fotografías? Poderían, pero con moito coidado.

Estaba o mar. Os turistas tardaron cinco minutos en cansar de sacar fotografías a esa cor. Entón, o barco transformouse nunha sala de espera.

Ao abeiro do toldo, sentamos en forma de cadrado, uns de fronte aos outros.

Todos evitabamos cruzar miradas. Os motores do barco non permitían conversas.

Eu non tiña reloxo. Despois de longos pensamentos a través do horizonte, comezamos a achegarnos a unha illa, un enorme penedo no medio do mar. Os cantís eran abruptos, estaban alí desde o comezo dos tempos, moldeados por séculos indelicados, cubertos por unha vexetación afouta: raíces cravadas na pedra, verde que combinaba ben co azul turquesa. Amodo, o barco penetrou por un camiño estreito e, por sorpresa, atopámonos rodeados dunha illa. Aí era onde íamos mergullarnos.

O piloto tailandés atopou un sitio entre as decenas de barcos: brancos e rápidos, como o noso; ou máis tradicionais, de madeira; ou con varios pisos e centos de turistas.

O italiano comezou a explicar como usar as aletas, os chalecos salvavidas, as lentes e os tubos de mergullo. Exemplificou e comprobou con todo detalle o uso destes obxectos con dúas españolas que viaxaban soas.

As mulleres daquela familia india de varias xeracións non quitaron os «saris» e permaneceron no barco, mentres falaban a distancia cos homes e cos nenos. As inseparables parellíñas entraron na auga ao mesmo tempo.


As súas aletas eran amarelas.

Cando regresamos ao barco, o italiano obrigounos a dicir a todos, un a un, que o gozaramos.

Non sei canto tempo tardamos en chegar á praia das illas Phi Phi, á baía de Ton Sai, xa que, como dixeran, non tiña reloxo. Makarov e mais eu sentamos na area mirando a multitude que entraba na auga entre as ringleiras de barcos amarrados.

No camiño de volta, os turistas estaban espeluxados, as súas camisas engurradas.

Case todas as olladas estaban postas nos ronseis brancos dos motores na auga. Entón, de súpeto, houbo un instante no que o ceo e o mar mudaron de cor.



CANTO EU
E A MONTAÑA BAILA

Adrián Presas Sobrado

Primeiro accésit

Datos da obra:

Autor: Irene Solá

Título: *Canto jo i la muntanya balla*

Lingua de publicación: catalán

Lugar e ano de publicación: Barcelona, 2019

Editorial: Anagrama

O RAIO

Chegamos cos bandullos cheos. Doridas. Os ventres negros, cargados de auga escura e fría de raios e de tronos. Viñamos do mar e doutras montañas, e vai saber de que outros lugares máis, e vai saber o que viramos. Ras-cabamos a pedra enriba dos cumios, como sal, para que non nacesen alí nin as malas herbas. Escolliamos a cor das divisorias e dos campos, a brillantez dos ríos e dos ollos que miran arriba. Cando nos puxemos a lampexar, as bestas salvaxes acubilláronse dentro dos seus tobos e encolleron o pescozo e ergueron o fociño, para sentir o ulido de terra mollada que se achegaba. Tapámoslos todos coma unha manta. Os carballos e os buxos e os bidueiros e os abetos. Xsssst. E todos xuntos calaron, porque eramos un teito severo que decidía sobre a tranquilidade e a felicidade de ter o espírito seco.

Despois da chegada, e da quietude, e da presión, e de acurrunchar o aire fino ben abaixo, disparamos o primeiro raio. Bang! Coma un descanso. E os caracois enrodelados estremecéronse dentro das súas solitarias casas, sen ningún deus nin pregaria, sabendo que se non morrían afogados, sairían, redimidos, a respirar a humedén. E entón derramamos a auga en pingas inmensas, coma moedas sobre a terra e a herba e as pedras, e o trono estremecedor resoou dentro das cavidades torácicas de todas as bestas. E foi naquel momento, que o home dixo cago en diosma. Díxoo en voz alta, porque cando un home está só non fai falla pensar en silencio. Cago en diosma, inútil, que te deixaches atrapar polo temporal. E nós rimos, uh, uh, uh, uh, mentres lle mollabamos a cabeza, e a nosa auga metíase polo colo da camisa dentro e percorríalle

o ombreiro e as costas, e estaban frías e espertaban o mal humor, as nosas pinguiñas.

O home viña dunha casa de alí a carón, enfiada no medio da divisoria, sobre un río que debía estar frío porque se agochaba baixo as árbores. Deixara dúas vacas, un puñazo de porcos e de galiñas e un cadelo e dous gatos derraigados, unha muller e dúas criaturas e un vello. Chamábase Domènech. Tiña unha horta oufana a media montaña e unhas terras mal labradas á beira do río, porque a horta lla traballaba o vello, que era seu pai e que tiña as costas planas coma unha mesa, e as terras traballábaas el. Viñera probar versos, o Domènech, cara a esta marxe da montaña. Para ver que gusto e que son tiñan, e porque cando un está só non fai falla dicir versos en voz baixa. E atopara un puñado de trompetas dos mortos fóra de tempada, aquela tarde, aínda estando a vixiar o gando, e levábaas envoltas na falda da camisa. A criatura de brazos choraba cando saíra da casa, e a muller dixerá «Domènech», como unha queixa e como unha súplica, e o Domènech saíra igualmente. É difícil facer versos e contemplar a virtude que se agocha dentro de todas as cousas, cando os nenos choran con aquela estridencia de marrancho na mata que che acelera o corazón aínda que non o queiras. E quería ir mirar as vacas. Tiña que ir mirar as vacas. Que entendía de vacas a Sió? Ren. O xato facía maaaaaaaaaaaaa, maaaaaaaaaaaaa. Desesperado. Non sabía ren de vacas a Sió. E volveu exclamar, cago en diosma!, porque fomos rápidas, caramba, imprevisibles e sixilosas, e atraparámolo. Cago en diosma!, porque o xato tiña a cúa enganchada nun nobelo de arame. O arame retorcérase entre dúas árbores, e das turradas magoara a parte posterior das patas, que agora se mostraban sanguinentas, abertas e sucias. Facía maaaaaaaaaaaaa, maaaaaaaaaaaaa, atrapado pola cúa entre as dúas árbores, e súa nai velábao intranquila. O Domènech baixo o balón enfiou

cara á besta. Tiña unhas pernas ben feitas de tanto camiñar montaña arriba a respirar aire cando os nenos berraban demasiado, ou cando pesaban demasiado, e pesaba de máis o arado, e o silencio do vello, e todas as palabras, unha por tras da outra, da muller, que se chamaba Sió, e que era de Camprodon, e que ben se deixara enguedellar porque a subiran soa á cima daquela montaña cun home que escapaba e un vello que non falaba. E mira que ás veces o Domènech a quería e a quería con forza, a Sió, con todo. Pero pesaba tanto, cago en Deus e Satanás, a casa. Habería ter máis tempo de coñecerse, a xente, antes de casar. Máis tempo de vivir antes de facer criaturas. Ás veces aínda a collía polo van e a facía dar voltas, unha detrás da outra, coma cando se citaban, porque a Sió, Deus, a Sió, que pernas! Deixou as trompetas no chan. O xato berregaba. O Domènech achegóuselle coas dúas mans por diante. Aos poucos. Dicindo cousas cunha voz grave e amansadora. Chsst, chsst, facía. A nai vixiábao desconfiada. Os cabelos do Domènech pingábanlle. Cando chegase á casa debería quecer auga para limpar o frío e a choiva. Mirou os ferros que gaduñaban as patas do animal cada vez que turraba. Colleulle a cúa con firmeza, sacou a navalla e cortou con habilidade o pelo anoado. E naquel momento deixamos caer o segundo raio. Rápido coma unha serpe. Enfadado. Aberto coma unha arañeira. Os raios van onde queren, coma a auga e os aludes e os insectos pequenos e as pegas, que todo o que é bonito e o que reloce lles entra polo ollo. A navalla fóra do peto do Domènech brillou coma un tesouro, coma unha pedra preciosa, coma un puñado de moedas. A folla de metal reflectiunos, puída. Coma uns brazos abertos, coma unha chamada. O segundo raio meteuse dentro da cabeza do Domènech. Dentro, dentro, ata o corazón. E todo o que vía dentro dos ollos era negro, da queima. O home derrubouse sobre a herba, e o prado púxolle a fazula contra a

súa, e todas as nosas augas conturbadas e contentas metéronse por dentro das mangas da camisa, por debaixo do cinto, dentro dos calzóns e dos calcetíns, buscando a pel aínda seca. E morreu. A vaca marchou endiañada, e o xato correu detrás súa.

As catro mulleres que o viron achegáronse a el. Pouco a pouco. Porque non estaban acostumadas a sentir interese pola maneira como morre a xente. Nin interese polos homes atractivos. Nin interese polos homes feos. Mais a escena fora ameigadora. Con todo, producira unha luz tan clara, que non faría falla verse nesa situación nunca máis. O coitelo chamara polo raio, e o raio branco acertara coma unha diana a cabeza do home, e fixéralle unha raia no medio do cabelo, e as vacas fuxiran endiañadas coma nunha comedia. Haberíase escribir unha canción sobre os cabelos do home e a pinta do raio. Poderíase poñer perlas aos cabelos, á canción, brancas coma o resplandor do coitelo. E dicir cousas do seu corpo, e dos beizos abertos, e dos ollos claros coma un vaso onde a choiva quedaba. E o rostro tan bonito por fóra e tan queimado por dentro. E da auga que lle caía coma un torrente sobre o peito e por tras das costas, como se quixese levalo. E das súas mans, habería falar a canción, curtas e grosas e con talos, unha aberta coma unha flor que ve vir a abella, a outra agarrada á navalla coma unha rocha que se meteu dentro dunha árbore.

Unha das mulleres, a que se chamaba Margarida, tocoulle unha man, ben por saber se o home queimaba co raio dentro, ben só pola caricia. Entón, cando as mulleres o deixaron estar e colleron as trompetas dos mortos molladas e que o home abandonara, e deixaron por vista a escena, xa que había moitas outras cousas que facer, e moitas outras que pensar; como se nos encomendásemos da súa satisfacción e do traballo ben feito, deixamos de chover. Satisfeitas. Minguadas. E cando foi seguro que

paramos de todo, os paxaros saltaron ata o centro das pólas e cantaron a canción dos superviventes, co estómago pequeno cheo de mosquitos, coas plumas abertas e cheos de furia en contra nosa. Pouco tiñan de que queixarse se nin sarabiaríamos, se ben choveramos o tempo xusto de matar un home e uns poucos caracois. Se nin fixeramos caer ningún nin asolagáramos ningún campo.

Entón repregámonos. Extenuadas. E miramos a obra feita. As follas e as pólas pingaban, e nós marchamos, baleiras e laxas, cara a outro sitio.

Unha vez chovemos ras e outra vez chovemos peixes. Mais o mellor é sarabiar. As pedras preciosas precipítanse sobre as vilas e os cranios e os tomates. Redondas e conxeladas. E enchen as marxes e os carreiros dun tesouro de xeo. As ras caeron coma unha maldición. Os homes e as mulleres corrían, e as ras, que eran moi e moi pequenas, agochábanse. Ai. Os peixes caeron coma unha bendición sobre as cabezas dos homes e das mulleres, coma lapotes, e a xente ría e levantábaos ao aire como se os quixesen devolver, pero non o querían, nin nós o queríamos. As ras grallan dentro dos ventres. Os peixes deixan de moverse pero non morren. Pero tanto ten. O mellor de todo é sarabiar.

O NOME DAS MULLERES

A Eulàlia díxolles que o chibo tiña o cu moi fino, moi fino, coma o dunha criatura en cueiros, de tantos bicos que lle deramos, e que tiña o membro frío coma un cacho de xeo, e a min fíxome rir, e rir e rir, e a min colgáronme de tanto que rin. E foi polo rir, coma un vermiño embriagador que se me meteu dentro, coma o leite de bruxa da herba rateira, que lembro todas as cousas. Porque o rir, dentro do meu sangue, branco e apegadizo coma as cóxegas, que

se me rompías un brazo saía leite branco en vez de sangue vermello, baleiroume. Se puidesen aforrar en torturas e habitacións, todas cheiraban a pipí, e en cordas que se estiraban longas, longas, e en trapos de la cheos de cinsa, e esperar a que parase de rir e confesase. Confesar o que? Se o rir era a única cousa boa, era un coxín, era coma comer unha pera, era coma meter os pés nun cadoiro nun día de verán. Non pararía de rir nin por todo o ouro do mundo, nin por todo o mal do mundo. O rir desenganchoume dos brazos e pernas e mans que me acompañaran tan fielmente ata aquel momento, e da pel que vestira e espira tantas veces, e limpoume o mal e a pena polas cousas que che poden facer os homes. Baleiroume coma unha babilola, de tanto hihihhi e hahahaha, e a cabeza, que me facía clonc-clonc co aire que asubiaba cando me entraba e me saía polo nariz e polas orellas. Deixoume a cabeciña coma a casca dunha noz, a punto para gardar nela todos os contos e todas as historias e todas as cousas que lles dixemos que faciamos, e todas as cousas que dixemos que fixeramos en contra de Deus e de Xesús e de todos os santos e da Virxe. Que Virxe? Un Deus coma o pai de cada un, malo, malo, malo, e torturador coma eles, e apouviado de todas as mentiras que, de tanto dicilas, acabaran crendo. Que non quedou ningún dos que nos sinalaran, nin dos que nos pecharan, nin dos que nos buscaran as marcas de bruxas, nin dos que fixeran os nus e estiraran as cordas, por estas montañas. Que quedar ou non quedar non ten nada que ver co lume do inferno, nin co castigo divino, nin con ningunha fe, nin con ningunha virtude de nada. Non. Poder coller madeirudos e herba rateira e facer pipí e explicar historias e levantarse cada mañá ten que ver cos troncos que caen sobre esta árbore ou sobre este home. Ten que ver cos nenos que saen enteiros e os nenos que non, e os nenos que saen enteiros mais por dentro non teñen as cousas no seu sitio. Ten que ver con

ser o paxaro que cazou o miñado ou a lebre que cazou o can, ou non. E a Virxe e o neno e o demo estaban todos feitos da mesma simpleza.

De todas as que somos, a Joana é a máis vella. Era dunha casa a carón da miña, a Joana, e todo o mundo sabía que facía menciñas nunha ola pequena, e un día díxome se quería aprender, e se quería ir con ela á noite. E si me ensinou a curar febres, e aires e gorxiños, e dores das criaturas e feridas e enfermidades de animais. E a recuperar obxectos perdidos e roubados e a botar males de ollo. Inocentes nós. Se a cousa máis en contra de deus que fixemos nunca é levantarnos cada mañá despois de que nos colgasen e coller flores e comer amoras.

Á Joana todos a deixaban facer e todos a querían se tiñan que nacer criaturas ou se tiñan garxola. Ata que un día sarabiou moito, e a Joana tiña un campo de trigo, e en todas as terras nas que sarabiou non quedou nada, e no campo da Joana non caeu nin unha soa pedra. E dixeron que a Joana fixera o temporal cuns pos. E berráronlle envelenadora! E entón o fillo do seu veciño, que se chamaba Joan Petit, que era un rapaciño de cinco anos que lle chamara envelenadora diante de moitos outros, colleu un mal nos pés e infláronselle morados e negros, e morreu ao cabo de catro días, e todos exclamaron que a Joana lle envelenara as sopas. E berráronlle, prendédea, a vella rameira, envelenadora! E prendérona. E pouco despois de prendela, choveron ras pequenas, pequenas, e a Joana díxolles que se ela quería podía facer sarabiar, ou podía facer caer ras ou podía facer que lles morresen todas as bestas, e entón tamén me prenderon a min e a Joana non dixo máis nada. Mais eu nada, que aprendera a rir.

E entón apareceu a Eulàlia, que era de Tregurà de Dalt, e díxolles que unha vez marchara ata Andorra a desenterrar un meniño morto e que lle extraeu os pulmóns e o fígado, e que con eles fixo unha untura para matar xente e

gando. E entón explicoulles como ligaba os maridos para que non puidesen deitarse con outras mulleres senón unicamente coas súas esposas. Como lles facía seis nós nos cordóns das zaragolas e entón dicíalle a cada nó, eu únote á túa parte de Deus, de san Pedro e de san Paulo e de toda a corte celestial, e de parte de Belcebú e Tió e Cuxol, que non poidas unirte con outra muller carnalmente senón coa túa esposa. E que unha vez unira un marido e unha muller que eran veciños seus e que eran mesquiños e tirábanlle pedras. Uniunos con pelos das súas cabezas, de maneira que non puidesen facer a cópula. E cando o marido non estaba, a muller non podía vivir sen el, e cando estaba presente e quería achegárselle, toda a súa persoa formigueaba de tal maneira que sentía morrer e non podía soportar xuntarse con ela. E estiveron así catro anos. Catro anos! Que risa. E entón un día, un fillo da parella que gardaba as cabras pasou cos animais por un ermo da Eulàlia, e a Eulàlia díxolle que malos lobos lle comesen as bestas. E alí mesmo, saltou un lobo entre as cabras e degolou unha. E entón prendérona, a Eulàlia tamén, e cando a tiñan presa, díxolles que unha noite nós as catro colleramos unha criatura de meses do lado da súa nai, e levarámola a un campo, e xogamos con ela coma se fose unha pelota.

A Eulàlia explicaba as mellores historias, aínda as explica hoxe, mellor ca ninguén. As historias que me fan rir, rir, rir, ata que algo me afrouxa dentro, máis dentro aínda ca as gotiñas de pipí. Explica historias, e ás veces nós saímos nas historias, é unha ledicia saír nelas. A Eulàlia ten dentro unha vociña, ben dentro, que lle explica as historias, unha vociña, a do demo, que lle contaba as falcatrudas, e que o mal que os homes lle facían atizaba e soltaba coma unha lingua que xa non sabe estar quieta. A vociña víñalle de dentro mesmo da cabeza, coma un illó, que facía as imaxes e as palabras:

«Fomos ao bosque, enriba dunha burra negra, eu, e encima dunha raposa, a Dolceta da casa Conill –que son eu!, dicía eu–, e non había lúa e as estrelas case que non daban luz, e unha póla saltoume ao paso talmente coma unha gadoupa que me rabuñaba o rostro, e dixen, Xesús!, e caín da burra, e a Dolceta díxome que non dixese nunca máis Xesús. E así o fixen. Iamos á Roca da Morte, iamos aló cos sobrazos untados dunha untura que chamusca os pelos para sempre, e por iso os nosos sobrazos están pelados. Cando chegamos á Roca, todos, homes e mulleres, marcamos cada un unha cruz con terra e baixamos as saias e puxemos as nádegas cada un sobre a súa cruz, abxurando da fe e de Deus. E despois bicámoslle o ano ao diaño, un por un. E unhas veces tiña forma de gato de tres cores e ás veces de cabrón, e dicíanos, «Estarás comigo, boa nena?», e todas contestamos, que si. E despois comemos queixo e froita e mel, e bebemos viño e collémonos todos das mans, homes, mulleres e demos, e abrazámonos e bicámonos e bailamos e fornicamos e cantamos todos xuntos».

E a Margarida choraba. Choraba e negaba todas as cousas, e choraba e choraba da inxustiza e ás veces berraba, e eu dicíalle, muller non chores, Margarida, pechadas na mesma cela escura, as catro, que non era nin unha cela, que alí antes gardaban o gando. E faciamos unha boa parella, eu e a Margarida, porque eu ri que te ri, e ela chora que te chora, e ás veces canto máis choraba ela, e máis xestos facía, e máis mocos e saliva sacaba, coa cara toda vermella e toda inflada e toda sucia, máis ría eu, e entón canto máis ría eu, máis choraba ela, e eu dicíalle, muller non chores, Margarida, e faciamos unha boa parella. A Margarida negaba todas as cousas, unhas por tras das outras, e a única cousa que confesou foi ter posto a mesa ás noites. Poñer mantel e pan e viño e viandas e auga e un espello, para que se mirasen os malos espíritos, e atopasen a comida e a

bebida, e así non lle matasen os nenos. Pero por unha soa cousa pequena tamén te poden colgar.

E cando a Eulàlia lles dixo que a Joana era a mestra que facía as pantasma e as unturas coas que nos untabamos, e a mestra de facer os velenos de todo o país, e do Demo e de todas as outras maldades que fan as bruxas, e que as tres eramos discípulas súas, a Joana non moveu nin un pelo da cabeza. E non o dixo con mala intención, a Eulàlia, non lle garda rancor, a Joana, se xa estabamos todas acabadas. Díxoo só porque tiña a lingua desbocada, e a min saíame todo o aire pola boca coma unha gargallada, e a Margarida chora que chora. As catro sobre a mesma palla sucia, chea de ratas e de pulgas.

A Joana nin fala, nin chora, nin nega, nin ri, mais aínda é a mestra e aínda é a máis sabia e sempre atopa os mellores morogos e os mellores madeirudos e é a que máis sabe de facer parir. E é a primeira en facer pipí cando atopamos cruces nas montañas, e de agochar nelas as ancas. E é a primeira en facer caca debaixo da árbore na que nos colgaron. Fai unhas cacas duras e enteiras e ben feitas e sorri coma un rato mentres está agachada. E é a primeira que caga tamén se atopamos capelas e ermidas agochadas.

Os contos e as historias que conta a Eulàlia, non todos son de bruxas nin de nós mesmas. Ás veces a vociña dille cousas das montañas e das pedras e das pozas de auga, e os paxaros cántanlle cancións e as forcas explícanlle fábulas, e eu sígoa coma unha nena, coma un canciño, coma unha ovella acabada de nacer da súa nai, que se fixese falta lanzaríase diante das patas dun cabalo para volver ás súas historias. Porque me fai rir, a min, a Eulàlia.

Había unha vez un rei cristián de Aragón que tiña tres fillas bonitiñas coma o Sol, explícame. E nestas que cando o rei e a raíña comezaron a pensar en casar as princesas, caeron na conta de que as tres se citaban, cada unha cun mouro infiel. Furioso, o rei encerrou as tres fillas nunha

torre ben alta para que endexamais puidesen volver ver os seus amantes. Pero unha noite as tres princesas subornaron os gardas cun bo puñado de moedas de ouro e escaparon da torre, e nestas que as tres, e os tres amantes mouros, subiron a tres cabalos e cabalgaron cara ás montañas do Pireneo, lonxe dos reis cristiáns e dos mouros. Ao terceiro día, o rei foi ver as súas fillas para desdicilas das súas citas con infieis e convencelas de casar con príncipes cristiáns, mais ao chegar á cela, atopounas fugadas e exclamou:

—Que a maldición de Deus caia sobre elas en calquera sitio onde estean!

E o tempo virouse de repente. Unha tempestade de xeo e de neve sorprendeu os seus fuxitivos sobre os cabalos con tanta vehemencia que se apertou cada unha ao seu amante, e quedaron os seis xeados sen poder dar un paso máis. E alí as tedes, unha por tras da outra, abrazadas aos seus amados, as tres serras das tres irmás, e sinala as montañas.

Ou nos fala da encantada que unha xente das vilas capturou, xunta uns manteis brancos que lle colleron. Pobre encantada. Pechárona nunha cociña para que non lles escapase. Era unha muller pequena, que sentaba todo o día no banco, mirando máis aló da fiestra e que non abría o bico, coma se fose muda ou coma se non entendese a fala humana. Mais un serán, a muller da casa onde a tiñan pechada púxose a preparar a cea, e prendeu o lume, e pendurou na cadea da cheminea unha ola de leite para facer sopa. Nun suspiro, mentres a muller enredaba, a encantada berrou:

—Corre, corre! Que o leite branquiño che escapa!

E a muller da casa precipitouse cara á ola á présa, e a encantada aproveitou a distracción para saltar do banco e fuxir pola porta. E din que mesmo antes de desaparecer para sempre lle chantou:

—Xamais saberedes para que é boa a raíz da acedeira! —e cunha risa pequena de furón, e aínda hoxe a xente das aldeas non sabe para que é boa a raíz grosa da acedeira.

A Margarida ás veces chora polas historias, chora porque un pai converteu as súas fillas en montañas, ou chora polas cousas que nos fixeron, a la e a cinsa e os ferros candentes e as cadeas e o banco e os pesos nos pés e o sangue vermello. Chora de morrer, como todas as cousas que morren. E eu dígolle, muller, non chores, Margarida. E ás veces tamén chora se na cova naceu unha criatura, e eu dígolle, muller, non chores, Margarida. E despois do temporal chorou un pouco tamén, polo home, porque estaba tan bonito no clareiro, dicía. Que mágoa que se consuman tan rápido, os homes, e que os outros homes se aferren aos corpos baleiros e os oculten e os enterren para non ver o que lles pasará a eles tamén. E chorou cando o viñeron buscar e o levaron, e non volveu nunca máis a facernos compañía. En troques puxeron unha cruz aló onde o raio furara o home. Que teima con macular as montañas de cruces. Mais esta era pequena. E ás veces iamos aló, e facíamos pipí, coma os cans. E ás veces levabamos flores apañadas do chan, aló onde morrera o home, mexacán, chamabámoslle, por rirnos.

OS MANTEIS BRANCOS

Os meus fillos son coma moscas. Cagan por aló onde pasan. Tic, tic, tic. Poderíalles seguir o rastro. Cómoda aberta. A cómoda boa. A que me regalaron de noiva o pai e a titía. Onde gardo as cousas bonitas. As poucas cousas bonitas. Ben gardadas. Dobradiñas, e con papel de seda que as separa. E bolsas de romeu. Un dos caixóns está aberto. E a roupa e os papeis están engurrados e postos de calquera maneira. Seino, antes de comprobalo, polo espe-

sor, que faltan os manteis brancos. Os manteis brancos son tan bonitos que non se pode comer neles. Préndome coma unha tea e penso que se os tivese diante, do lapote, lles arrincaríaa as orellas.

Poño ben os panos de mesa, e o papel, e o tapete, e péchoa.

—Onde están os nenos? —O avó Ton está sentado no banco, ben quieto. Que se antes non falaba, agora nin fala nin se move.

—Fóra —contesta.

—Fóra —repito. Fóra pode querer dicir calquera sitio de aquí a Francia—. Quere auga? —e fai que non coa cabeza.

Ás veces as súas mans, cando colle un vaso e bebe, cando fai andar a navalla, cando as pon sobre os xeonllos, fan que me xire o corazón unha volta enteira, porque as move coma o Domènech. Outras veces miro o home vello, tan calado, tan amortuxado, tan triste e seco, que non o creo, que sexa o pai do Domènech. Secoulle a boca, ao avó Ton. Coma unha uva pasa. A algúns homes encállaselles e sécalles a lingua dentro da boca, e non saben abrilas nin para dicirlles cousas bonitas aos seus fillos, ou cousas bonitas aos seus netos, e así se perden as historias das familias, e xa non sabes nada máis que o pan seco que comes hoxe e a choiva que cae hoxe e o mal que che fan os ósos hoxe. Tristura de montaña. Levaron o Domènech, estas montañas. Domènech meu. Un raio atravesouno polo medio coma a un coello. Dous meses despois de que nacesse o Hilari. E foi unha sorte, penso eu. Porque non lle pasei a pena nin lle encomendei as bágoas a través do sangue, como faría se o Domènech morrese mentres estaba preñe. De ser así sairíame un fillo tocado, azul da dó. Non. Chorei soa. Chorei dunha tirada todas as bágoas que Deus me dera. E quedei seca coma un socalco ermo. E o Hilari foi o neno sen pai máis feliz do mundo. Os nenos sen pai máis felices e menos orfos que teñan existido, tívenos eu. Como

se non lles fixese falta un pai. Unha sorte. Mais ás veces unha quere deixar de vivir. Cando ao teu home o atravesa un raio coma un coello. Cando a unha lle furan o corazón cunha póla, pero non a matan. Unha quere deixar de vivir. E entón, a unha, obrígana a vivir. Os nenos berran e fórzan a vivir. O vello ten fame e reclámaa. A xente da vila lévalle feixóns e cabaciñas só para obrigala a vivir. E unha deixa de ser unha muller e convértese nunha viúva, nunha nai. Unha deixa de ser o centro da súa vida, deixa de ser o zume e o sangue, porque a obrigaron a renunciar a todo o que quería. Aquí, tíraas todas, as cousas que desexabas, ao medio do camiño, nesta beira, as cousas que pensabas. As cousas que querías. E mira que eran pobres, pouca cousa. Este home e esta montaña. A unha fana querer unha vida pequena. Unha vida exigua coma unha pedriña bonita. Unha vida que caiba nun peto. Unha vida coma un anel, coma unha abelá. A unha non lle din que se poden escoller cousas que non sexan pequenas. Non lle din que as pedras pequenas se perden. Escapan polo furado dun peto. E que se se perden, xa non pode escoller outra. Que a pedriña perdida, pedriña perdida. Lanza alí o corazón, tamén, aquí ao medio do camiño, entre a lama e as silveiras. Lanza alí a alegría. Lanza alí a alma e as apertas e os bicos o leito de matrimonio. Pola forza, pola forza. E agora érguete e mírate esta mañá tan tenue e tan azul. E baixa á cociña, e mete a comida dentro da boca, e despois métella dentro da boca dos nenos, e despois dentro da boca do vello, e despois dentro da boca das vacas e dos anos e da marrá e das galiñas e da cadela. Á forza, á forza. Ata que unha se esquece de todo, de tanta forza bruta.

Non lle dei leite, ao Hilari. Porque o meu leite era salgado. E do leite augacento de vaca e de farmacia saíume un fillo coma unha flor. Pouco a regaba e a podaba, a flor. O teu preferido ha de ser un fillo que che saia coma unha raíz. Eu quéroos, os meus fillos, a pesar da coxeira da alma.

A pesar do lastre e do desánimo e do peso. A pesar de que non estivese, nas promesas que fixen, que me fixeron facer, iso de ter de empurralos soa. Eu quería un marido, o meu marido, e despois se viñan criaturas, mira, xa me estaba ben. Mais, criaturas e nada máis? Por que as ten que querer, unha, criaturas e nada máis? Non o puiden nin probar. Antes de que tivese o mel nos beizos, atravesáranmo coma un coello.

A min gustoume polo seu cabelo, o meu marido. Despois polos seus poemas. E despois canto máis lle miraba todas as outras cousas, máis me gustaban. As mans. As pernas. As orellas. As engurras detrás dos ollos, coma un rabo. Os ombreiros. A voz cando falaba frouxiño, coma unha lagarta balear que che sobe polas costas, «Que loucura me es, Sió, que loucura», dicíame. Aquel mirar coma unha lanza, coma unha frecha. Toda aquela cabeza chea de misterios, chea de palabras, «Que ollos tan azuis que tes, Sió, que neles nadan peixes».

Eu era bonita e ben bonita. Os ollos máis azuis de Camprodon. E iso, eu tamén o sabía. Era bonita coma a nai, que nacera nunha casa que lle dicían da Oufana, de tan oufanas e bonitísimas como eramos naquela casa todas as mulleres. E casou co pai e viviron na vila porque o pai traballaba alí de encargado na fábrica de galletas. Pero eu quería un home que amase a terra e tamén as ideas. Un home que soubese de árbores e de plantas e de bestas. A nai morreu cando nacín porque houberon cortala moito, e era pequeniña. Mais a titía Carme, que era a irmá do pai, e tamén o pai me dicían, coma unha nena, coma unha nena, de todas, todas, a máis bonita, e comprábanme anises e lazos e libros e cordas de saltar, e eu nunca estaba triste por non ter nai. A titía facíame trincas e dicía, atoparás un home e queres moito e ti queresalo a el, e eu pedíalle á titía como sería o home. E veña a botarme veneno e veneno dentro das veas inocentes. E o pai, que

dicía que xa non podería volver casar, porque ningunha muller sería nunca tan bonita como o era a miña nai. Só ti, só eu, Sió, princesa. E veña máis veneno dentro das veas. Casiña de bonecas. Que che ensinaremos a coser, que che ensinaremos a ler en catalán ás agachadas, que che ensinaremos a cociñar e a limpar o po. E que enfado, o do Domènech, o primeiro día que me subiu á granxa e eu nunca lle dera de comer a unha vaca. Que meu pai traballaba nunha fábrica de galletas! Nunca collera unha forza. Non sabes facer nada!, berraba. Quen me mandaba a min casar cunha rapaza de vila e non de montaña?! Enfadado coma un demo. Pero se ti xa o sabías, que todas as cousas de labrego habería de aprendelas. Quen me mandaba a min?!, vociferaba. E eu chora que chora, que estabamos casados desde había sete días e pasamos seis en Francia.

A titía Carme díxome que non me preocupase e que aprendese rápido. Os manteis brancos fíxoos ela. Fíxoos para a voda do pai e da nai. Eu aprendín rápido. A mandar nas bestas e a ensuciarme de esterco os zapatos. Porque o amor faiche aprender as cousas de présa. E entón morreron o pai e a titía Carme a noite na que me puxen de parto da Mia. Dun sono doce, morreron. O braseiro afumou e saíu del unha néboa fina que non se vía, e encheuno todo e enguliu o aire, e como que durmían, ficoulles dentro coma un veneno e xa non espertaron. E cando a Dolores da casa Prim, a veciña, enviou a súa neta a buscalos, non abriron. E como que non respondían, tiraron a porta abaixo e alí os atoparon, cada un na súa camiña, durmindo coma lirios. Que non sabían se dicirmo ou non dicirmo ata que parise. E vaía que foi longo o parto da Mia, que eu pensaba que non ma sacaban. E era ratiña, ratiña pequeniña, cando naceu. E entón deixáronme tranquila un día, coma unha pantasma, que aleitaba cos seus ollos pechados e o sorriso adormecido e collía a nena cos braciños como de miolo de pan sobre a barriga

desinchada, e o Domènech que se persignaba, por todo o que pasaba. E entón eu dixen, como pode ser, Domènech, que non avisases o pai e a titía? E a Dolors explicoume que morreran dunha morte moi doce, e que ela lles dixera adeus da miña parte. E como que aínda estaba atordada de non durmir, e de ter unha criatura que era miña, nosa, nos brazos, pareceume moi triste e non tan triste ao mesmo tempo. Coma un intercambio. Coma unha lei de vida. Que algúns marchan para deixar sitio a outros que veñen. E puxémoslle Maria Carme, á nena, coma a titía. E eu, que estaba na cama, non puíden ir ao enterro, e tardei meses en volver baixar á vila, e entón, cando baixei aló, foi como se fixese moitos e moitos anos que o pai e a titía Carme morreran, coma a nai. E eu estaba tan chea das cousas que me pasaban do Domènech cando dicía que o noso amor se fixera aínda máis grande, aínda máis forte, por causa da criaturiña. Que collera forma, o amor, dicía. Que o noso amor era un anxo. Un rousinol. Toda chea da maxia do leite. Coma unha vaca. E da boquiña aberta da Mia, coma unha froita sen dentes que chucha, que chucha, e da primavera que se achegaba ao verán, e que facía xusto un ano que era unha muller, unha muller de verdade, unha muller casada con todo o dereito de chamarse muller. Unha muller que tiña en brazos un home, e agora tamén unha criatura filliña do amor coma un anxiño do ceo. E ás veces pénsou, que me provocou pouco pesadume que marchasen o pai e a titía, coma se fose a hora, coma se fose natural, pensaba. Porque me tocaba a min ser o sangue e o zume de todas as cousas. Porque viña só a alegría, por un camiño moi ancho e moi solleiro, con árbores de troncos grosos a cada lado.

Cando o Domènech me coñeceu, dicíame que era bonita coma un gamo, coma unha gata, coma unha leoa de África. Sacábame a bailar e dicíame, non me mordas. E á hora de marchar recitábame poemas na orella. Poemas

que falaban dunha rapaza que era eu. Que falaban de todas as flores e dos celos. Poemas que construían un altar onde eu me elevaba enguedellada e contenta e aberta coma unha flor. E bailaba ben, o Domènech. Bailaba ben como tocaba ben todas as cousas que tocaba. Que tiña boa man para as bestas e boa man para as persoas. Que eu me ofrecería toda, se el mo pedise. Que ás veces non podía máis, de tanto gardar as mans sobre os xeonllos. De tanto gardar a lingua dentro da boca. De tan forte que me batía o corazón, de todo o medo e de todas as ganas das súas mans. Viámonos os domingos durante case tres anos. Un por tras do outro. Menos os meses nos que afeitaba a cabeza. Afeitaba os cabelos unha vez ao ano. E víase-lle todo o cranio, toda a tapa dos miolos, aínda que eu, mentres nos víamos, non o vin xamais. Rapábaos curtos, como quen poda unha árbore, dicía, que saen aceirados. Revitalizados. A punto para facer pólas novas e froita. Porque tiña uns cabelos moi bonitos, o Domènech. Dou-rados coma o trigo e as canas. E moito medo de perdelos. E entón, cando se afeitaba, pechábase arriba en Matavaques, que é o nome da súa casa, da nosa casa, preto de dous meses, para que ninguén o vise, ata que non volvese ter un dedo e medio de pelos. E dous meses ao ano, eu chora que chora cada domingo. E a titía Carme, que me dicía, presumido, habías de buscar un labrego presumido? Porque a titía Carme quería un marido para min que fose de Ripoll, ou de Vic, un comerciante, un farmacéutico ou o encargado dunha fábrica, coma o pai. Mais sempre volvía. Novo e amañado e cargado de flores e de sorrisos e de poemas sobre a tristura da soidade, e eu perdoábao. Esquecíame de toda a pena de toda a rabia, e tragaba o fel e as amarguras coma unha medicina. Eu, que os dous últimos meses non fixera máis ca imaxinar que non volvía, velo collido ao van de calquera outra, precipitándose por tras dunha vaca. Eu mirábao con olliños de vidro

que, de tan brillantes, me escachizaban. Repasábao coma se fose unha gata que quixese comelo, toda chea e toda resplandecente, e abría os beizos nun queixume para que estendese a man máis abaixo, para que me cravase máis forte contra o seu peito e me abrasase con máis firmeza o deleite daqueles brazos tan fortes. E entón unha tarde de paseo díxoo, eu tiña vinte e cinco anos e o corazón volteouseme coma un remolque: «Estiven pensando se queredas casar comigo».

Xa me dou conta das trampas que me fai a memoria. Dos páramos que me dispón a cabeza, que me pensa só as cousas boas, que escolle as mazás bonitas do cesto, e desbota, coma mondas, coma castañas arentas, as cousas malas, como se nunca existisen. E non sei eu que fai sufrir máis: se pensar só nas lembranzas boas e deixar facer á saudade, tan punzante, e ao comechón este que endexa-mais se sacia, e que emborracha a alma. Ou se bañarme nos regatos do pensamento que me levan cara ás lembranzas tristes, cativas e avoltas, e me atragoan o corazón e me deixan aínda máis orfa de pensar que o meu home non era un anxo que eu coroo. E que non me quería tanto, como, de feito, non quere suficiente ningún home. O meu corpo estaba tan a punto. Tan cheo de medo e ao mesmo tempo tan cheo de impaciencia, tan cheo de amor que acurrunchaba os temores, coma se os temores fosen un feixe de ratas penadas. E como me fixo pasar a min por diante. Non me collas, dicíame. No pequeno hotel de Ceret onde fomos de lúa de mel. Que non o saiban as mulleres da recepción, que acabamos de casar, que pensarán cousas. Que sorrirán maliciosas. A min tanto me ten que pensen cousas! Dareiche un lapote se non te arrincas deste sorriso, dicía. E entrei no cuarto eu primeira, e ben esperei unha media hora, e entón subiu el, que fora ao café, e díxome que para o amor esperaríamos ao serán. E esperamos sentados. Eu quería falar de cousas, eu quería darnos a man,

eu quería pasar xuntos o medo e os nervios e a emoción, e el que fumaba e que calaba, estirado na cama, vestido, e cun brazo sobre a cara, que se eu me deitaba ao seu carón, erguíase. E entón fíxose de noite, que ningunha alma viva quixera nunca tanto que se fixese de noite. E díxome, íspe-te, e fixen o que me dicía, e métete na cama, e mentres eu me espía e me metía na cama, el entrou no lavabo e esperei outra media hora. E entón veu, vestido, e apagou a luz, e sentín como se espía e ás apalpadas meteuse na cama, e tocoume en sitios que xamais ninguén me tocara. Tocoume coma quen se mete na casa doutro, coma se perdesen toda a destreza, as súas mans, e facía un mal que non daba medo, e a min gustárame velo, verlle a cara para que non fose unha sombra, a que me roía os peitos, a que me separaba as pernas e se me cravaba dentro. E eu toda coma manteiga, cando podía, cando non me espantaban as súas mans ás escuras coma gadoupas, as súas arfadas de besta, eu coma manteiga porque ao Domènech lle gustaba a manteiga.

Nunca falabamos das noites, porque as noites lle daban vergoña. Como se quixese escapar delas e non puidese escapar delas. Por iso lle gustaba tanto, a Mia, porque era un anxiño que saíra do noso barro. Pero eu aprendín. Pouco antes de quedar embarazada da Mia aprendín a perseguir as cóxegas. Aprendín a colocarme de maneira que o seu ir e vir me fregase alí onde me prendía. O meu corpo é un bo corpo. Un corpo que aprende de présa. Un corpo que se acostuma deseguida e que sabe como atopar camiños. E sabía de aproveitar o pulo, de pechar os ollos e concentrarse e atrapar o pracer así, como viña, pequeno e frouxiño, coma un chisco de auga que se verte por un buraquiño, e de batelo e batelo e facelo crecer, e poñelo dentro do rego. E suficientemente procuraba eu de levar o pracer coma un silencio. De apertar ben forte os dentes cando me estouraba dentro o peido de lobo. De afanarme

e facelo crecer e facelo estourar antes de que o Domènech acabase. E se xa o quería antes, despois do pracer, dentro das sabas, cando el xa durmía, eu toda soa con aquela calor entre as pernas, con aquela turbación na cabeza, con aquel respirar tan tranquilo, tan quente a carón, aínda o quería máis. Que me collía coma a unha árbore, coma unha criatura se agarra ao peito dunha nai.

Oito anos e non se me cura. E non me fai resina esta ausencia maldita. Porque eu casei co home máis guapo destas montañas. Os cabelos máis bonitos do val de Camprodon casaron cos ollíños máis azuis. O Domènech tiña os cabelos máis finos ca os de todas as mulleres. E cando me sacaba a bailar nas festas de Camprodon, todos nos miraban. E cando nos viamos e baixaba os domingos a pé, gallardo e seguro de si mesmo, con aquelas pernas, todas as ánimas de Camprodon envexábanme. Que eu quixen todo isto só porque aquí estaba el. Esta casa e este frío e estas vacas e os ruídos que fan pola noite estas montañas. Veleno enganoso é o amor. Cando morreu o Domènech quedei soa con dúas criaturas e a casa e o avó Ton. Con todos estes pesos ás costas que non me deixan morrer. Que me fan quedar aquí. Esta casa fedorenta imposible de ter limpa. Este vello frío coma un morto. A pantasma do Domènech. A lembranza coma unha lousa, que non pasa un día que non o pense, día que non o vexa, día que non o rememore, que non o soñe. E as criaturas, que non entenden nada, nin están quietas, nin conceden paz. As criaturas haberían traer a paz, haberían ser un bálsamo, un consolo, unha recompensa.

Volven que xa escurece. Téñolles dito, que os quero na casa antes de se faga escuro. Para que cona han querer os malditos manteis brancos? Polo amor de Deus. Agárroos á entrada, cada un por unha orella, coma se cazase dous ratos, e arrástroos entre berros ata de diante da cómoda. Coma aos cadelos. Que non paga a pena explicarlles

nada. Que os esfociñas á desfeita e lles bates o morro. Para que o entendan. Desfeita; golpe. Desfeita; golpe. Cando os deixo ir os dous agarran a orella cunha man. O Hilari sempre ten medo de que lle arrinque as orellas. Á veces, das turradas, ábrenselle por baixo do lóbulo. Eu dígolle que non desacougue, que están moi ben enganchadas. Miran a cómoda e non din nada. Préndeme a paciencia coma se nada.

—Encetareivos o cu que non poderedes sentar durante unha semana —ameázoos.

—Mamá, non fixemos nada —di o Hilari.

—Onde están os manteis brancos? —pregunto.

Silencio.

—Preguntareino unha última vez —quéimanme as axilas e a caluga e o pescozo e as tempas. Miran a cómoda e calan. Coma os culpables, coma os ladróns e os asasinos.

—Leváronas as donas da auga —dixo o Hilari, frouxiño, cun murmurio áspero e triste de can mollado, de mico mallado. A Mia mírao cos ollos ben abertos. De sorpresa, pero tamén de aviso. Con aqueles ollos tan abertos estalle a dicir cousas. Estalle dicindo que cale. Que non diga nada máis.

—As donas da auga entraron na casa, abriron a cómoda e colleron os manteis? —pregunto.

Mudos.

—Hilari?

—Nós démoslles os manteis —confesa. Pecha os ollos desesperado. Mira para os zapatos, abatido.

A Mia arréalle:

—Cala.

A man escápame para darlle un lapote, pero aguántome e en troques diso pregunto entre dentes:

—E onde están agora os manteis?

—Quedaron con eles.

—Por que carafío collestes os manteis? —exixo, e váiseme a forza coa pregunta.

—Porque queríamos ver as donas da auga —o Hilari afunde a cabeza entre os ombreiros. A Mia mírame coma unha pedra. O vello xace no banco. E esgótaseme a paciencia.

—Mentireiros, máis ca mentireiros! —exclamo.

E málloos. E cólloos polo pulso e achégoos á saia e málloos e málloos e o Hilari chora e a Mia aperta os dentes. E málloos máis forte, cega da rabia e da pena, polos manteis, e polas mentiras, e pola irreverencia, e polo sitio onde foron parar todas as cousas.

Entón dígolles que se acabou baixar ao río, e acabou-se correr todo o día detrás do fillo dos xigantes. Acabou todo até que non aparezan os manteis.

—Entendéstesme? —pregunto. E non contestan—. Entendéstesme?! —repito.

—Si, mamá.

Mándoos durmir sen cear, e choro.

A dor comeza coma un animal pequeno. Coma unha soa nube, coma unha néboa fina no peito. Comeza coma un mal diminuto, coma un inchazo lento. Coma un malestar, coma un osiño atravesado baixo o pescozo, coma unha rea de pedras no esterno. E crece, pouco a pouco. Os ollos vólvenseme quentes e húmidos, e a fonte brota e as potas ferve e rebordan, e xa non hai atranco. A auga escapa baixo tanta pedra, e tanta néboa. E os manteis entean a chorada coma un abano, coma un fol, bufa que bufa. E os manteis. E a mentira. E a Mia dicindo, Hilari, cala. E a miña man baténdolles e baténdolles. E a soidade. E o vello. E o amor reseco que non está en ningures. E choro da rabia do vello que non é meu pai, que eu non teño nin pai nin nai, e choro dos nenos mentireiros que son fillos meus, dos nenos que haberían ser un bálsamo, unha fonte docíña, uns bos nenos que coidasen e quixesen a súa nai.

AS TROMPETAS

O chapeu dunha é o chapeu de todas. A carne dunha é a carne de todas. A memoria dunha é a memoria de todas. A escuridade. Si, a escuridade. Coma unha aperta. Deliciosa. Protectora. Acolledora. Coma unha caída. Incipiente. A terra. Coma unha manta, coma unha nai. Negra. Húmida. Somos todas nais, aquí. Somos todas irmás. Titías. Curmás. E entón vén a chuvia. Lembramos a chuvia. Lembrámola sobre a pel, sobre o chapeu escuro das que a recibían. Mmmmm, dicíamos, mmmmm, a chuvia. E bebiámola. E bebiámola coas trompetas elásticas que tiñamos entón. E bebémola coas trompetas negras de agora. Beberémola coas bocas firmes, escuras, abertas, que teremos despois. A choiva fai tic, tic, tic. A terra trágaa. E a choiva fai tic, tic, tic. Nós tragámola. A choiva vén de sitios e sabe cousas. Estase ben, aquí abaixo. Estase ben, neste bosque. Neste cacho de terra. Neste cacho de mundo. A choiva espértanos, dun espertar fresco e renovado. A choiva fainos grandes, fainos crecer. Irmás! Amigas! Nais! Eu, que son todas vós. Bos días. Boa viaxe. Benvidas. Ben chegadas. E entón saímos. Saímos. Saímos como saímos tantas veces. Agora. Agora. Pouco a pouco. Pouco a pouco, se temos en conta o furaco pequeno, suave, delicado, escuro, que lle facemos á terra negra, á carriza verde. A nosa punta primeira. Diminuta. Pouco a pouco, se temos en conta o deambular do bosque, os millóns e millóns de chuvias que nos caeron enriba, os millóns de espertares, de cabeciñas, de mañás, de luces, de bestas, de días. Benvidas. E lembramos o bosque. O noso bosque. E lembramos a luz. A nosa luz. E lembramos as árbores. Nosas, de cada un. E lembramos o aire, e as follas, e as formigas. Porque aquí estivemos sempre e aquí estaremos sempre. Porque non hai principio nin final. Porque o pé dunha é o pé de todas. O chapeu dunha é o cha-

peu de todas. As esporas dunha son as esporas de todas. A historia dunha é a historia de todas. Porque o bosque é daquelas que non poden morrer. Que non queren morrer. Que non morrerán porque todo o saben. Porque todo o transmiten. Todo o que se ha de saber. Todo o que se ha de transmitir. Todo o que é. Semente compartida. A eternidade, cousa lixeira. Cousa diaria, cousa pequena.

Ve u o xabaryl, a boca escura, os dentes mollados, o aire quente, a lingua gorda. Ve u o xabaryl e arrincounos. Ve u o home e arrincounos. Ve u o raio e matou o home. Viñeron as mulleres e cociñáronnos. Viñeron os nenos. Viñeron os coellos. E os corzos. Viñeron máis homes e levaban cestos. Viñeron homes e mulleres e levaban bolsas, levaban navallas. Non hai pena se non hai morte. Non hai dor se a dor é compartida. Non hai dor se a dor é memoria e saber e vida. Non hai dor se es un cogomelo! Caeron choivas e fixémonos grandes. Marcharon as chuvias e ve u a sede. Agochadiñas, agochadiñas, esperando a noite fresca. Viñeron os días secos e desaparecemos. Ve u a noite fresca e esperamos máis. Ve u a noite húmida, ve u o día húmido, e crecemos. Cheas. Cheas de todas as cousas. Cheas do saber e do coñecemento e das esporas. As esporas voan coma xoaniñas. As esporas son fillas e nais e irmás, todo ao mesmo tempo. Cada espora coma unha caída. Coma unha nai. Coma unha semente. Coma unha xoaniña. Esporas que coñecestes todos os homes e todos os raios e todos os xabarís e as potas e os cestos e os coellos. As esporas dormen baixo a terra escura, húmida. Gardan dentro todos os espartares. Todos os dentes de xabaryl. Todas as mans de muller. Gardan dentro os sombreiros e a carne e a memoria. Durmidas, enrodeladas, baixo a escuridade, buscando o abrazo. Facendo camiños e facendo vida e facendo fungos e lembranzas. A escuridade. Si, a escuridade coma unha aperta. Deliciosa, terrosa, protectora, acollidora, incipiente. E a chuva. Coma unha fonte. Lembramos a chuva.

Lembrámola ao fondo do inicio, na escuridade do principio. Lembrámola sobre o sombreiro escuro das que a recibían. Antes. Mmmmm, dicíanlle. Mmmmmm, e bebiana. Despois. A chuvia fría. Mmmmmmm, dicíamos, mmmmm. A chuvia tépeda. A chuvia que é pequena e a que é grosa.

ÍNDICE

LIMIAR DO REITOR.....	5
POESÍA.....	9
<i>Cyberfolk</i> [Branca Trigo Cabaleiro].....	11
<i>A outra morte de Annabel Lee</i> [Noelia Estévez Rionegro].....	21
<i>Problemas de millennial</i> [Mercedes Martínez Lorenzo]	29
RELATO CURTO	37
<i>O Forxán e os asteroides</i> [Fabio Rivas Pardo].....	39
<i>A urdime</i> [Beatriz Pilar Comendador Rey].....	51
<i>Un valse no teu recordo</i> [Clara Costas García].....	71
TRADUCIÓN.....	83
<i>O camiño imperfecto</i> [Joaquín García Domínguez].....	85
<i>Canto eu e a montaña baila</i> [Adrián Presas Sobrado].....	97

POESÍA

Cyberfolk

[Branca Trigo Cabaleiro]

A outra morte de Anabel Lee

[Noelia Estévez Rionegro]

Problemas de millennial

[Mercedes Martínez Lorenzo]

RELATO CURTO

O Forxán e os asteroides

[Fabio Rivas Pardo]

A urdime

[Beatriz Pilar Comendador Rey]

Un valse co teu recordo

[Clara Costas García]

TRADUCIÓN

O camiño imperfecto

[Joaquín García Domínguez]

Canto eu e a montaña baila

[Adrián Presas Sobrado]

1396105

